



MIGRACIÓNS DE XÉNERO: DE VENEZUELA A GALICIA

Alejandro Rey Bustelo

GRAO EN XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

CURSO 2020-2021

Directora: Lucrezia Lopez

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA

Migración de género: De Venezuela a Galicia.

MIGRACIONES DE XÉNERO

DE VENEZUELA A GALICIA

2021

Alejandro Rey Bustelo



Índice de figuras

Índice de táboas

Índice de abreviaturas

Resumos

1. Introducción

2. Marco teórico:

2.1. A feminización das migracións

2.2. Aproximación aos movementos migratorios internacionais e europeos

2.3. As migracións en España: latinoamericanización e feminización

3. Migracións de xénero: De Venezuela a Galicia

3.1. De Venezuela a España

3.2. Galicia como territorio de acollida

4. Fontes e metodoloxía

4.1. Enquisas

4.2. Entrevistas

5. Resultados e discusión

5.1. Perfil sociodemográfico

5.2. Proxecto migratorio

5.3. Emprego

5.4. Cultura e entorno

5.5. Conclusións dos resultados

6. Conclusións

7. Referencias bibliográficas

8. Anexos

Índice de figuras

- Figura 1. Distribución dos migrantes internacionais por país de orixe (2000-2015).
- Figura 2. Fluxo de inmigrantes latinoamericanos cara España deslousado por sexos entre 2008 e 2019.
- Figura 3. Fluxo de inmigración a España segundo país de orixe (2008 e 2019).
- Figura 4. Fluxo de mulleres inmigrantes procedentes de América Latina cara España segundo rangos de idade en 2019.
- Figura 5. Número de mulleres estranxeiras orixinarias de América Latina por provincias españolas no 2020.
- Figura 6. Evolución da poboación con nacionalidade venezolana en España por sexo (1998-2020).
- Figura 7. Localización das mulleres venezolanas en España segundo lugar de procedencia por comunidades autónomas (2019).
- Figura 8. Inmigrantes en Galicia segundo rexión de procedencia (1992-2019).
- Figura 9. Inmigrantes en Galicia por país de procedencia en 2019.
- Figura 10. Evolución da poboación de venezolanos en Galicia por sexo (1998-2020).
- Figura 11. Distribución da poboación feminina venezolana en Galicia por provincias en 2020.
- Figura 12. Poboación de mulleres venezolanas en Galicia por grupos de idade (xaneiro de 2021).
- Figura 13. Criterios para a identificación do grupo diana.
- Figura 14. Mulleres venezolanas enquisadas e entrevistadas por grupos de idade (%).
- Figura 15. Etapas de chegada de mulleres inmigrantes venezolanas a Galicia.
- Figura 16. Empregos das participantes en Venezuela segundo sector (%).
- Figura 17. Empregos das participantes en Galicia segundo sector (%).

Índice de táboas

- Táboa 1. Ficha técnica das entrevistas.

Índice de abreviaturas

- Abreviatura 1. RAE (Real Academia Española)
- Abreviatura 2. ONU (Organización das Nacións Unidas).
- Abreviatura 3. TFG (Traballo de fin de grao).
- Abreviatura 4. INE (Instituto Nacional de Estatística).
- Abreviatura 5. IGE (Instituto Galego de Estatística).
- Abreviatura 6. E (Enquisadas).
- Abreviatura 7. ET (Entrevistadas).

Resumo

No seguinte traballo expónse un análise da relación entre as inmigracións femininas, de orixe venezolano, cara Galicia e as desigualdades e/ou discriminacións que teñen que afrontar en ditos procesos polo feito de ser mulleres.

A hipótese de partida do presente TFG é que na crecente feminización das migracións venezolanas cara Galicia pódese ver o efecto do concepto de xénero nas desigualdades e problemas. O obxectivo xeral do presente TFG é analizar o modelo de migración das mulleres venezolanas en Galicia para entender como o concepto de xénero actúa na súas decisións. Así mesmo, a través dunha serie de enquisas, os obxectivos específicos son definir o seu proxecto migratorio e coñecer as súas experiencias, destacar os seus problemas no referente ao emprego e sociedade, e, finalmente, proxectar unha maior visibilidade a estas mulleres.

Para elo, estúdase unha visión xeral dos fluxos migratorios, a nivel internacional e estatal, profundando na historia e características daqueles orixinarios de América Latina co obxectivo de contextualizar o caso de estudo venezolano. Logo disto, desenvólvese, por un lado, un análise sobre a feminización das migracións tratando temas como o racismo, explotación sexual ou o maltrato de xénero. E por outro, unha investigación demográfica estatística, a través dos fenómenos demográficos que caracterizan ás mulleres venezolanas na comunidade galega diferenciando un apartado dedicado á situación de Venezuela e outro referido ao papel de Galicia na acollida de migrantes.

Cabe destacar que o estudo tamén integra varios puntos de vista de persoas coas características buscadas, mediante a realización de entrevistas e enquisas que permiten obter unha serie de datos concretos de primeira man.

Palabras chave: inmigración, xénero, feminización das migracións, Venezuela, Galicia.

Resumen

En el siguiente trabajo se expone un análisis de la relación entre las inmigraciones femeninas, de origen venezolano, hacia Galicia y las desigualdades y/o discriminaciones que tienen que afrontar en dichos procesos por el hecho de ser mujeres.

La hipótesis de partida del presente TFG es analizar el modelo de migración de las mujeres venezolanas en Galicia para entender como el concepto de género actúa en sus decisiones. Así mismo, a través de una serie de encuestas, los objetivos específicos son definir su proyecto migratorio y conocer sus experiencias, destacar sus problemas en lo referido al empleo y sociedad y, finalmente, proyectar una mayor visibilidad a estas mujeres.

Para ello, se estudia una visión general de los flujos migratorios, a nivel internacional y estatal, profundizando en la historia y las características de aquellas originarias de América Latina con el objetivo de contextualizar el caso de estudio venezolano. Luego de esto, se desarrolla, por un lado, un análisis sobre la feminización de las migraciones tratando temas como el racismo, explotación sexual o maltrato de género. Y, por otro, una investigación demográfica estadística, a través de los fenómenos demográficos que

caracterizan a las mujeres venezolanas, en la comunidad gallega, diferenciando un apartado dedicado a la situación de Venezuela y otro aplicado al papel de Galicia en la acogida de migrantes.

Cabe destacar que el estudio también integra varios puntos de vista de personas con las características buscadas, mediante la realización de entrevistas y encuestas que permiten obtener una serie de datos concretos de primera mano.

Palabras clave: inmigración, género, feminización de las migraciones, Venezuela, Galicia.

Abstract

The following work presents an analysis of the relationship between female immigration, of Venezuelan origin, to Galicia and the inequalities and / or discrimination they have to face in these processes due to the fact that they are women.

The starting hypothesis of this TFG is to analyze the migration model of Venezuelan women in Galicia to understand how the concept of gender acts in their decisions. Likewise, through a series of surveys, the specific objectives are to define their migration project and learn about their experiences, highlight their problems in relation to employment and society and, finally, to project greater visibility to these women.

To do this, we study an overview of migratory flows, at international and national level, delving into the history and characteristics of those originally from Latin America with the aim of contextualizing the case of Venezuelan study. After this, an analysis is developed, on the one hand, on the feminization of migrations dealing with issues such as racism, sexual exploitation or gender abuse. And on the other hand, a statistical demographic research, through the demographic phenomena that characterize Venezuelan women in the Galician community, differentiating a section dedicated to the situation in Venezuela and another applied to the role of Galicia in the acceptance of migrants.

It should be noted that the study also integrates several points of view of people with the characteristics sought, by conducting interviews and surveys that allow to obtain a series of specific data first hand.

Keywords: immigration, gender, feminization of migrations, Venezuela, Galicia.

1. Introducción

Nos últimos decenios existe unha asociación por parte da sociedade entre as migracións de xénero e a *feminización das migracións*. Porén, estes dous conceptos, presentan una definición diferente entre si. Segundo a RAE (2001), as migracións como tal son aqueles desprazamentos de un ou varios individuos, xeralmente por causas económicas o sociais, aínda que na actualidade as motivacións son cada vez mais complexas.

Se botamos a vista atrás, o esquecemento de certos autores de incluír o papel da muller nos estudos e análises dos movementos migratorios realizados ao longo da historia da humanidade, é un feito. Este enfoque tardou moito tempo en ser examinado, seguramente propiciado pola inexistencia das estatísticas deslousadas por sexo, e que resultou nunha maior dificultade da súa visibilidade. Dende sempre existiu unha tendencia de división aparentemente natural, entre o sexo masculino e o feminino resultando nunha asociación que relaciona ao home coa produción e o traballo, mentres que a muller encargase da reprodución e do coidado do fogar. Como explican Jolly (2005), Carretero (2014) e Godoy (2008), os movementos migratorios afectan de distinta forma a ambos xéneros provocando unha serie de desigualdades e vulnerabilidades no sexo feminino. O concepto de xénero comezou a ser obxecto de estudo e foi introducido nos modelos de investigación coa finalidade de indagar nas formas de migrar e as súas consecuencias (Palacios, 2016). Dito xénero inflúe directamente en gran variedade de decisións como, por exemplo, no perfil do migrante, nas motivacións e nos impactos que ditos fluxos exercen sobre as persoas migrantes (Jolly, 2005).

Dende fai relativamente pouco, autoras como Carretero (2014), Jolly (2005) ou Palacios (2016) viñeron introducindo unha tendencia ao estudo da *feminización das migracións*, expresión que fai referencia a aqueles fenómenos migratorios que engloban unicamente ás mulleres. Deste xeito, conseguiuase unha maior visibilidade en torno a esta tendencia migratoria contemporánea, aínda que segue existindo un predominio considerable no enfoque que se lle da ao home neste tipo de movementos, así como no rol da muller como dependente ou subordinada. É de gran importancia recalcar que ambos xéneros presentan tanto iguais como diferenzas á hora de realizar ditas actividades (Rodríguez, 2008). Porén, a maior vulnerabilidade concéntrase nun so xénero, o feminino, debido principalmente a unha serie de factores desigualitarios como poden ser a explotación, a prostitución (Mesa, 2020) ou o racismo.

Segundo Jolly (2005), dende 1960 a cantidade de mulleres que migraron cruzando fronteiras foron case as mesmas que os homes. Este feito abriu as portas a unha nova visión que trouxo consigo uns cambios nos patróns de ditas migracións, aportando ao sexo feminino unha independencia do sexo masculino. A alta participación das mulleres nas migracións, foi transformando as tendencias e situáronse cun papel activo no desenvolvemento global, o que introduce unha diferenciación substancial nas migracións dende unha perspectiva de xénero (Palacios, 2016). Neste contexto é relevante o estudo de ditas desigualdades, así como dos problemas aos que se teñen que enfrontar as mulleres unha vez no país de destino. Estas cuestións son a base fundamental do presente Traballo Fin de Grao (TFG), enfocado no estudo dos movementos migratorios procedentes de Venezuela cara Galicia dende unha perspectiva feminina. Se ben os estudos de xénero abordan a relación entre mulleres e homes como parte dun sistema, o análises de xénero pódese centrar nun o en ambos sexos para explorar a construción social dos roles e comportamentos (Henderson, 1994, 2013). Con todo iso, a hipótese de partida do presente TFG é que na crecente feminización das migracións venezolanas cara Galicia pódese ver o efecto do concepto de xénero nas desigualdades e problemas.

O obxectivo xeral do presente TFG é analizar o modelo de migración das mulleres venezolanas en Galicia para entender como o concepto de xénero actúa na súas decisión. Así mesmo, a través dunha serie de enquisas, os obxectivos específicos son definir o seu proxecto migratorio e coñecer as súas experiencias, destacar os seus problemas no referente ao emprego e sociedade, e, finalmente, proxectar unha maior visibilidade a estas mulleres.

No referido á estrutura, o traballo comeza cun marco teórico que presenta tres apartados: 1) A feminización das migracións, 2) os movementos internacionais e europeos, 3) As migracións en España. Latinoamericanización e feminización. Con isto, chegase ao caso de estudo que establece unha parte sobre as migracións de Venezuela a España e outra sobre Galicia como territorio de acollida. Logo da revisión teórica, presentase a metodoloxía empregada para o desenvolvemento do presente TFG, os resultados do traballo de campo e as conclusións finais.

2. Marco teórico

Hoxe en día, teñen lugar movementos migratorios como resultado dunha gran diversidade de cambios ao longo da historia, que supuxeron un modelo internacional actual. Xunto cos motivos de carácter económico que presentan estes fluxos migratorios, tamén é importante ter en conta outro tipo de causas como, por exemplo, as políticas ou éticas. Abu-Warda (2008) explica que as causas das migracións son múltiples, diversas e a maioría das veces encóntranse interrelacionadas. Por un lado, temos as causas políticas e socio-culturais como as guerras e as persecucións ideolóxicas que funcionan como factor de empuxe provocando unha violación sistemática dos dereitos humanos e unhas migracións forzadas ou semiforzadas. Por outro, están as circunstancias económicas como a distribución desigual dos recursos, a pobreza e a crisis económica nas rexións de orixe. O Fondo das Nacións Unidas para a Poboación (2013) expuxo unha serie de causas da migración internacional como poden ser: a busca dunha mellor vida para un mesmo e a familia, as diferenzas de ingresos nas distintas rexións, as políticas laborais e migratorias dos países de orixe e de destino ou o éxodo de profesionais, é dicir, aquela migración da xente nova que está máis formada cara os países desenvoltos (Abu-Warda, 2008).

A presente revisión teórica está estruturada en tres grandes bloques: 1) A feminización das migracións; 2) Aproximación aos movementos migratorios internacionais e europeos; 3) As migracións en España: latinoamericanización e feminización. Para empezar, é necesario introducir o tema fundamental do traballo que é o papel da muller nos fluxos migratorios para poder entender o seu contexto social e relacionalo co posterior caso de estudo. Esta parte, será complementada cun análise demográfico xeral en relación cos movementos migratorios internacionais e europeos onde se mergullará naqueles orixenarios de América Latina para vinculalo con Venezuela. O último apartado indaga nos fluxos inmigratorios latinoamericanos, principalmente femininos, que recibe o territorio español. Desta forma, crease una visión xenérica que serve de axuda para situar o posterior estudo da comunidade galega.

2.1. A feminización das migracións

Como foi indicado na introdución, un concepto moi relevante deste traballo é o de “xénero”, un termo definido como cultura e non como natureza que dou lugar a uns roles diferenciados onde se lle atribúe á muller un papel subordinado. Neste punto é clave

destacar a denominada xeografía cultural feminista, un concepto estudado por Shurmer (2002), que ten como obxectivo identificar trazos sexistas en investigación xeográfica. Esta autora establece a necesidade de remarcar o concepto de xénero e investigar esta cuestión en función de como se foi construíndo a sociedade. Isto supón adoptar unha nova perspectiva, indagar os modos de presentación e chegar a entender o papel das mulleres nestes sistemas. En termos concretos, os roles de xénero nacen a partir de comportamentos e prácticas cotiás (Shurmer, 2002) que veñen establecidos debido á certos factores xeográficos como poden ser: a localización, a etnia, etc. As vivencias sociais do xénero feminino establecen unha identidade en función das posibilidades que pode proporcionar o espazo.

É de gran relevancia destacar a necesidade das mulleres de migrar, é dicir, as causas que desencadean estas decisións tan importantes. Polo xeral, ditas decisións son de carácter económico, social e político, resultado das desigualdades dentro dos propios países (Jolly, 2005). No referente á motivación económica destaca a necesidade de encontrar un traballo, que proporcione unhas ganancias para axudar á sustentabilidade da familia, algo que non poden conseguir no seu país de orixe. Outra causa é a necesidade de fuxir de guerras ou da discriminación que recibe o sexo feminino nalgúns países debido ás normas restritivas ou desigualdade, o que tamén provoca unha limitación das mulleres para migrar. Por outro lado, están aqueles motivos que non son decisións propias, é dicir, migracións forzadas xa sexa con fins de explotación sexual ou debido a catástrofes naturais (Jolly, 2005).

Devanditos motivos actúan na produción do denominado “proxecto migratorio”: é dicir o proxecto que motiva a saída do lugar de orixe e que presenta uns obxectivos persoais que se pretenden alcanzar (Carretero, 2014). Unha vez que este proxecto comeza, ponse en marcha o proceso migratorio, unha adaptación das expectativas á realidade e as posibilidades no país de destino. Moitas veces a distancia entre ambos factores, no caso das mulleres, aumenta por cuestións de desigualdade entre ambos sexos (Carretero, 2014). Así mesmo, cando ditas persoas chegan ao país receptor, as mulleres, principalmente, poden sufrir un descenso no nivel de vida que tiñan anteriormente ocupando postos profesionais por debaixo das súas expectativas e capacidades. Dito proceso ven dado polo xénero, un factor que significou na historia unha xerarquía das relacións sociais e de roles tradicionais (Godoy, 2007).

Dende logo, cada muller ten un proxecto migratorio, un lugar de procedencia e uns orixes culturais que desenvolven unha migración e a unha serie de impactos característicos na súa experiencia. Estes factores fan que a vulnerabilidade sexa maior ou menor dependendo do caso, porén, o feito de ser muller emigrante supón, de base, unha serie de resgos de discriminación ou explotación (Jolly, 2005).

O avance da revisión histórica na época contemporánea permitiu establecer unhas características esenciais tal e como apunta Rodríguez (2008) no chamado “discurso da domesticidade”. Este concepto fai referencia aos obxectivos proxectados na muller relacionados co coidado do fogar e co ser o “anxo do fogar” (Rodríguez, 2008) mentres que as misións dos homes consisten na súa representación na sociedade. Desta forma, a gran maioría das veces que ambos sexos emigran prodúcese unha diferenciación entre os traballos exercidos polo xénero masculino e os exercidos polo feminino. Por un lado, o homes son os que conseguen os empregos mais cualificados mentres que coas mulleres pasa todo o contrario resultando nunha ocupación como coidadoras ou traballadoras domésticas (Jolly, 2005). Este feito fai que o sexo masculino desfrute dunha maior cantidade de dereitos e elas sexan obrigadas pola necesidade a desempeñar tarefas precarias, de baixo nivel, ou incluso ilegais.

É aquí cando entra en xogo unha das cuestións máis perigosas polas inmigracións de xénero: a trata de persoas, un risco que teñen que sufrir, maioritariamente, mulleres e nenas. De acordo coa Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller da Asemblea Xeral de Nacións Unidas (ONU, 1993), a trata de persoas é unha forma directa de violencia contra a muller que reforza a discriminación e a opresión do sexo feminino e alimenta a vulnerabilidade deses colectivos, unha diana perfecta para este terrible tipo de explotación.

O tráfico de mulleres e a prostitución en América Latina comeza na época colonial cando os españois entregaban o “botín de mulleres” ao vencedor dando lugar a unha rede de comercio sexual (Chiarrotti, 2003). Co paso do tempo, dito proceso foise acentuando cada vez máis ata chegar á actualidade. O tráfico en América Latina pódese dividir en dous tipos: interno, cando se desprazan ás mulleres dentro dun país, e externo, cando son trasladadas a outro estado. Destas mulleres expostas a migracións forzadas cara España, a maioría proceden de América Latina, principalmente de Colombia, Brasil, República Dominicana u Ecuador (Chiarrotti, 2003).

Esta trata pódese manifestar en distintas modalidades, sendo unha delas o tráfico con fins de explotación sexual (Mesa, 2020). A maioría das veces, as mulleres son enganadas e atraídas con perspectivas máis encantadoras e con promesas dunha mellor calidade de vida, só mais tarde son forzadas a exercer a prostitución para un proveito económico a terceiros. Tras entrar nestas redes, son incapaces de saír quedando como escravas e en condicións de precariedade absoluta. Esta incapacidade ven determinada por ameazas ou métodos violentos que as intimidan e que, nalgúns casos, chegan a acabar coas súas vidas. A explotación sexual é, segundo a ONU, un dos negocios que consegue obter entre 5 e 7 billóns de dólares e uns desprazamentos de case 4 millóns de persoas (Raymond, 2001 dentro de Chiarrotti, 2003).

Para Chiarrotti (2003), existen varias causas da migración e do tráfico de mulleres. Entre elas, as máis importantes son a pobreza, a inseguridade e a violencia: a gran maioría das mulleres que migran presentan condicións de pobreza, falta de oportunidades laborais xa que tiveron un limitado acceso á educación. Tamén as desigualdades e os estereotipos aos que son sometidas as mulleres alimentan as decisións de emigrar cara un destino onde esperan poder sentirse aceptadas.

Ademais do anteriormente citado, destaca o artigo “Violencia de género sobre inmigrantes en España: un análisis psicosocial” de Montañés e Moyano (2006) onde se analiza a violencia de xénero exercida sobre mulleres inmigrantes no territorio español. Nel, mediante datos aportados polo Instituto da Muller, expónse unha taxa de violencia de xénero, entre 1999 e 2004, que é cinco veces superior en inmigrantes africanas e latinoamericanas en comparación coas mulleres españolas acabando, algunhas veces, en asasinatos. Outro dato a destacar é o número de denuncias presentadas en 2004: das 99.111 denuncias rexistradas, so 20.401 foron presentadas por mulleres inmigrantes e 71.464 por mulleres españolas (Montañés e Moyano, 2006). Gran cantidade de veces, ese medo a denunciar depende dos países e das culturas de orixe, é dicir, mentres que nun país desenvolvido este tipo de práctica é considerada delito, noutros estados non tan desenvolto presentase como un enfoque en contra do honor familiar. Isto dá lugar a unha aceptación da violencia que a muller percibe como algo normal reducíndose a probabilidade de que pida axuda (Montañés e Moyano, 2006).

Porén, a diferenza da explotación sexual e da violencia de xénero, os movementos migratorios poden dar lugar a certos efectos positivos no xénero feminino. Un exemplo

sería o auto-descubrimento a través do contacto con outras culturas diferentes, que presentan unha controversia nos estereotipos establecidos nos países latinoamericanos, é dicir, un pensamento máis liberador e de autonomía persoal (Godoy, 2007) propio dos países máis desenvolto. De feito, tal e como expuxo Shurmer (2002), as mulleres migrantes poden cambiar os seus hábitos e costumes pasando dunha clara pasividade a un papel máis activo na sociedade. Esta mudanza na identidade ven determinada pola experiencia, prácticas e outros elementos que remarcen o aspecto dinámico do xénero. Por último, hai que destacar que xa se están tomando certas medidas en canto á discriminación que sofre o xénero feminino fronte ó masculino. Este é o caso dun dos obxectivos de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas (definidos para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todos) (ONU, 2015), que fan referencia no obxectivo 5 á necesidade de “lograr a igualdade entre os xéneros e apoderar a todas as mulleres e as nenas”, é dicir, procurar superar todas aquelas dificultades, como normas ou leis sociais discriminatorias, para as mulleres así como tamén mitigar os casos de violencia sexual ou física.


2.2. Aproximación aos movementos migratorios internacionais e europeos

No artigo “Causas, consecuencias, efectos e impacto das migracións en Latinoamérica”, Aruj (2008) expresa dúas tendencias sobre o antagonismo dos movementos migratorios. En primeiro lugar están aqueles fluxos que fan referencia a situacións de restricións relacionadas cos controis migratorios, discriminación, exclusión ou mesmo a persecución. Isto provoca a denominada inmigración selectiva, un sistema onde se escolle un certo tipo de persoas as cales se lle permite o acceso a un país, de acordo coas necesidades que presenten. En segundo lugar está unha migración internacional de libre mobilidade, asentamento de persoas, igualdade nos dereitos humanos e entre as nacionalidades de orixe.

O perfil xeral dos migrantes foi variando, sobre todo ao longo do século XX, así como tamén a súa procedencia xeográfica. Segundo o *Informe: La inmigración en España: Efectos y oportunidades* (Consello Económico e Social de España, 2019), na actualidade a maioría das migracións non proceden dos países máis pobres, senón daqueles con ingresos medios e, polo tanto, resulta nun tipo de migración denominada intrarrexional, é dicir, aqueles desprazamentos dentro do mesmo país ou rexión. Porén, neste caso é

importante analizar so aqueles fluxos que tiveron e seguen tendo lugar dun estado a outro. Para elo, empregouse un gráfico (Figura 1) do informe citado anteriormente, que proxecta os fluxos de migrantes internacionais por rexión de residencia entre os anos 2000 e 2015. Como se pode comprobar, neste período, os continentes que máis reciben inmigrantes son Europa e Asia, con 75 millóns cada un, aproximadamente, un 62% da poboación total de migrantes internacionais. Seguido destes, sitúase América do Norte cun 22%, África cun 9%, América Latina e Caribe cun 4% e Oceanía co 3%.

Figura 1. Distribución dos migrantes internacionais por país de orixe (2000-2015).



Fonte: Consello Económico e Social de España (2019) páx. 19.

A Unión Europea (UE) é actualmente un dos principais destinos das inmigracións; entre outros, isto débese ao proceso de envellecemento que caracteriza a súa poboación dende tempos recentes (Ayuso e Pinyol, 2010). A UE tamén se caracteriza por ter un baixo volume de grupos de persoas en idade de traballar o que afecta gravemente á súa economía. Sempre segundo o *Informe: La inmigración en España: Efectos y oportunidades* (Consello Económico e Social de España, 2019), en 2009, os países europeos que máis recibían poboación estranxeira eran Austria (15,1%), Suecia (13,8%), España (13,5%), Bélxica (13,4%) e Grecia (11,8%). Porén, esta tendencia dos países de destino foi variando o porcentaxe de estranxeiros en cada país e, co paso dos anos, chegase a 2017 onde xa se presenta unha nova xerarquía: Austria (18,8%), Suecia (17,8%), Bélxica (16,5%), Alemaña (14,7%) e Reino Unido (14,1%). Como se pode comprobar, os países de Austria, Suecia ou Bélxica mantéñense entre aqueles con

porcentaxe máis alto, mentres que outros como Alemaña ou Reino Unido aumentan considerablemente, situando a España no sexto lugar.

En canto á distribución da poboación inmigrante por sexos, baseouse en dous estudos do *Eurostat*, que poñen de manifesto os cambios acontecidos na UE nos cursos dos anos. Para o análise de 2006 empregouse o artigo de *Recent migration trends: citizens of EU-27 Member States become ever more mobile while EU remains attractive to non-EU citizens* de Herm (2008) e para 2018 os datos foron extraídos de *Migration flows: Immigration to the EU-27 from non-member countries was 2.4 million in 2018* (Eurostat, 2019) dentro das estatísticas de migración e poboación migrante. No primeiro caso (Anexo I), existía unha certa tendencia ao predominio do sexo masculino; destacaban Eslovenia con máis do 75% e Lituania con máis do 50% fronte a outros países cun predominio claramente feminino como Chipre e Portugal con máis do 50%. En canto a España, esta presentaba unha maior porcentaxe de inmigrantes masculinos que femininos, porén, ambos sexos presentan uns valores preto do 50%. No ano 2018 (Anexo II), os datos de inmigrantes por sexo seguen presentando, en xeral, unha tendencia moi similar a da 2006 cun predomino dos inmigrantes homes fronte as mulleres, porén, no caso español cabe destacar que ambos sexos igualáronse presentando practicamente o 50% nos dous casos.


2.3. As migracións en España: latinoamericanización e feminización

Como indica Mora (2009) no caso de América Latina produciuse un aumento no fluxo migratorio relacionado en conxunto coa feminización das migracións. De feito, cada vez máis mulleres emigran e convértense nas provedoras económicas dos seus fogares (Palacios, 2016). Como se pode ver no Anexo III, do fluxo migratorio total que chegou entre 1998-2012 aos países integrantes na UE, máis da metade (56%) eran mulleres procedentes de América Central (61%), Caribe (59%) e América do Sur (55%).

A finais dos anos 80, España comezou a rexistrar saldos migratorios positivos e crecentes dando lugar ao máis alto da súa historia, en 2007, coa chegada de 958.266 persoas (INE, 2013). Este foi o principal motivo polo cal España saíu do declive demográfico (López de Lera, 2015). Desta forma, ata o comezo do século XX, o territorio español recibía inmigrantes de moitas partes do mundo existindo un gran predominio de fluxos migratorios procedentes de Marrocos ou países africanos sub-saharianos e, por outra

parte, de estados do centro e norte de Europa. A principios do século XXI, os habitantes de países latinoamericanos como Perú, Colombia ou Venezuela foron forzados a buscar outros lugares cunha mellor calidade de vida. Para eles, España era un dos países atractivos, principalmente, pola internacionalización da súa economía, pola reestruturación do mercado laboral e pola facilidade na obtención de residencia e nacionalidade, converténdose así no principal destino das migracións latinoamericanas (Ayuso e Pinyol, 2010). Este feito fixo que o territorio español alcanzase os seis millóns de estranxeiros residentes nos recontos do segundo decenio do século XXI (Gil-Alonso, Bayona-i-Carrasco e Vono de Vilhena, 2011) e se convertese nun dos países, xunto con Italia e Portugal, onde o recibimento da inmigración latinoamericana nas últimas décadas, supuxo unha transformación clave na súa demografía (Ayuso e Pinyol, 2010).

Figura 2. Fluxo de inmigrantes latinoamericanos cara España deslousado por sexos entre 2008 e 2019.




Fonte: INE. Elaboración propia.

A Figura 2 representa a evolución da inmigración procedentes de América Latina en total e por sexo entre os anos 2008 e 2019. En primeiro lugar, destaca unha tendencia xeral decrecente ata 2013 que será contrastada nos vindeiros anos cun crecemento moi considerable, pasando dos 100.000 a 400.000 inmigrantes. En segundo lugar, apreciamos uns desprazamentos practicamente feminizados durante todo o período, porén, os datos entre ambos sexos son moi similares. As mulleres pasan de 127.000 en 2008 a 219.000 en 2019 e, por outro lado, os homes van de 108.000 a 176.000.

Este tipo de inmigración presentaba unha gran diversidade de orixes dando lugar a diferentes nacionalidades procedentes de entornas e culturas diferentes. Por outro, como se dixo anteriormente dábase unha feminización dos fluxos, é dicir, inmigraban principalmente mulleres xoves, un dato a destacar xa que, a finais do século XIX o común era recibir doutros países un porcentaxe dominante de inmigrantes masculinos en relación cos femininos (Quintero, 2015).

Segundo este mesmo autor, nos anos 90 estes fluxos de inmigrantes feminino chegaron a supoñer un 70% do total e proviñan, principalmente, de Ecuador, República Dominicana e Colombia. Porén, a partir de 2004 comezan a ter importancia os fluxos de persoas bolivianas, brasileiras ou paraguaios e sucedeu unha tendencia ao equilibrio que supuxo a diminución do predominio feminino. A Figura 3 recolle o fluxo de inmigrantes que chegaron a España nos anos 2008 e 2019 segundo o país de orixe. Este permite ter unha visión evolutiva dos estados predominantes no pasado e na actualidade. Como se pode comprobar, no ano 2008 gran parte dos inmigrantes proviñan de Ecuador e Colombia achegándose, en ambos casos, ás 30.000 persoas e seguidos de Perú con un pouco máis de 20.000 inmigrantes. Co paso dos anos, en 2019, preséntasenos unha tendencia algo diferente onde destaca a simple vista un aumento considerable da inmigración venezolana, pasando de apenas 10.000 persoas no ano 2008 a máis de 60.000 no ano 2019. Colombia tamén amosa un gran aumento das súas cifras e segue sendo a inmigración máis destacábel do territorio español.

Figura 3. Fluxo de inmigración a España segundo país de orixe (2008 e 2019).




Fonte: INE. Elaboración propia.

A composición por sexo das comunidades latinoamericanas que chegan á España é un dato fundamental para este traballo, polo tanto, no Anexo IV represéntanse a poboación estranxeira segundo nacionalidade e sexo nos anos 1998, 2010 e 2020. Nel pódese comprobar que toda a evolución dos fluxos migratorios procedentes de países latinoamericanos está feminizada, xa que os datos referidos ás mulleres son superiores fronte aos homes nos tres anos tomados como referencia. Destes estados, podemos diferenciar dous grupos: o primeiro grupo está formado por aqueles países que amosan unha redución nas cifras como República Dominicana, Arxentina, Bolivia, Brasil, Chile, Colombia, Ecuador, Perú e Uruguai. O outro grupo está formado polo resto dos países caracterizados por un aumento das súas presenza; entre os mesmos destacan os inmigrantes venezolanos/as. Se nos fixamos nos datos referidos as mulleres migrantes procedentes de Venezuela, destaca un incremento moi considerable ao longo de todo o período, pero máis importante dende o ano 2010 ata o 2020. Os motivos de dito acrecentamento son diversos e serán comentados, posteriormente, no caso de estudo.

Outro aspecto da feminización é a idade coas que as mulleres emigran cara España. No seguinte gráfico (Figura 4) representase o fluxo do sexo feminino procedentes de América Latina por grupos de idade no 2019. A simple vista observase un claro predominio daqueles inmigrantes que teñen entre 25 e 29 anos seguidos do intervalo de 20 a 24 anos e de 30 a 34 anos. Estes datos axúdanos a afirmar que, como é de esperar, son aquelas mulleres xuvenís en idade de traballar as que máis migran, presentándose unha motivación claramente económica. Chaman a atención outros dous puntos: en primeiro lugar o baixo número de persoas maiores de 65 anos o que volve a recalcar o interese de ditas mulleres en buscar un emprego no país de destino. En segundo lugar, os datos de nenas e menores de idade que superan as 5.000 persoas nos rangos que comprenden dende os 0 aos 19 anos débese a unha inmigración familiar onde as persoas adultas son acompañadas polos seus fillos e fillas.

Figura 4. Fluxo de mulleres inmigrantes procedentes de América Latina cara España segundo rangos de idade en 2019.




Fonte: INE. Elaboración propia.

En referencia aos inmigrantes latinoamericanos masculinos (Anexo V), pódese ver unha tendencia moi similar á feminina, onde predomina un fluxo de homes novos de entre 20 a 34 anos dos cales destacan as 26.002 inmigrantes que contan cunha idade de entre 25 e 29 anos. Ademais, igual que coas mulleres, as persoas de máis de 65 anos son escasas en comparación co resto.

Xa sabemos a orixe e a idade das mulleres inmigrantes latinoamericanas, pero é de gran relevancia saber a que provincias se dirixen unha vez en España. Dito tema proxectouse na seguinte Figura 5 que representa a distribución das mulleres estranxeiras no 2019 por provincias. Como se pode comprobar, as provincias que máis inmigrantes reciben son as que teñen grandes metrópolis como Madrid e Barcelona con máis de 50.000 persoas. Gran parte da costa mediterránea acolle un rango que vai dende 25.000 a 50.000 mulleres destacando Valencia, Alacante Murcia, Illas Baleares e Málaga. Porén, os valores máis baixos danse no interior de España, é dicir, en Castela e León, Extremadura e Castela a Mancha así como tamén en Ceuta e Melilla con menos de 5.000 inmigrantes femininas. Centrándose en Galicia, a parte oeste da comunidade (A Coruña e Pontevedra) recibe no 2019 entre 5.000 e 15.000 mulleres latinoamericanas mentres que a súa parte este, é dicir, Lugo e Ourense forman parte do nivel de provincias con valores máis baixos.

No Anexo VI, pódese ver unha táboa que expón todos os datos sobre a cantidade de homes e mulleres inmigrantes, orixinarios de América Latina, que presenta cada provincia española.

Figura 5. Número de mulleres estranxeiras orixinarias de América Latina por provincia no 2020.



Fonte: INE. Elaboración propia.

Unha vez no lugar de destino, ditas persoas buscan un emprego que lles proporcione os recursos suficientes para sobrevivir e manter unha vida o máis acomodada posible. Segundo o informe *Inmigración latinoamericana en España. El estado de la investigación* (Ayuso e Pinyol, 2010) existe unha distribución das actividades que ocupan os inmigrantes en España segundo o sexo. No ano 2001, os inmigrantes masculinos están ocupados no sector da construción (30%), tamén na agricultura-gandeiría-pesca (12%) e na industria (14%). Porén, entre as inmigrantes predomina o traballo doméstico (40%) fronte ao resto de actividades, marcando así un patrón de discriminación e fomentando os roles tradicionalmente destinados as mulleres. Segundo Mora (2009), o feito de que as mulleres inmigrantes se concentren no sector servizos proxecta, de algunha maneira, a existencia dun mercado de traballo limitado que propician uns patróns de feminización e

especialización entre os países receptores, tanto de América Latina como de Europa, e os inmigrantes. De feito, no ano 2020, ambos sexos están ocupados no sector servizos obtendo no sexo masculino un 21,39% e no feminino un 38,11%. En canto ó resto de actividades, non teñen moita relevancia, porén, cabe destacar o papel case nulo das mulleres nas actividades agrarias ou de construción (Anexo VII).

3. Caso de estudo. Migracións de xénero: De Venezuela a Galicia.

O presente apartado está estruturado en 3 seccións: en primeiro lugar, establece un contexto xeral da situación de crise que leva vivindo o país venezolano e que serve de axuda para introducir as migracións cara España; e, en segundo lugar, expónse o papel de Galicia como territorio de acollida para a inmigración venezolana profundando en aqueles datos demográficos relevantes para o posterior análise dos resultados.

3.1. De Venezuela a España

Para empezar, é esencial determinar cales foron as causas que impulsaron o proceso migratorio masivo que está atravesando Venezuela cara moitos destinos, tanto de América como de Europa. Durante os séculos XIX e XX, Venezuela foi un país caracterizado pola gran cantidade de inmigrantes que recibía, porén, segundo Álvarez (2007), a principios dos anos oitenta, comezaron unha serie de movementos emigratorios venezolanos masivos que tiñan como destino, principalmente, Estados Unidos. Unha das causas destes fluxos que establecen Castillo e Reguant (2017) é a crise, tanto política como económica, que viviu o país neses anos, e que resultou no retorno dalgúns estranxeiros asentados en Venezuela e unha posterior emigración de venezolanos afectados pola recesión económica e social. Este tipo de desprazamentos eran “de diñeiro” e non é ata 1994, co segundo goberno de Rafael Caldera, cando ten lugar o denominado por Castillo e Reguant (2017) como “*crash* financeiro”, un fito que supuxo o peche dos bancos incitando aos venezolanos, de maior nivel económico, a abandonar o país xunto co capital acumulado (Dekocker, 2018). Máis tarde, darían comezo os vinte anos de revolución bolivariana que trouxo consigo un éxodo masivo da poboación venezolana e a crisis de migrantes e refuxiados máis grande de Latinoamérica (Páez e Phélan, 2019). A revolución, como é de esperar, transmitiu un malestar social moi importante que, coa chegada ao poder de Hugo Chávez, se fixo máis pronunciado e supuxo unha tendencia

migratoria en aumento. Un dos motivos, e seguramente o máis importante, da intensidade do fenómeno migratorio venezolano foi o poder político e a situación social resultado do goberno *chavista* dende 1998, así como tamén, a latente crise económica que tivo o país debido á caída do prezo internacional do petróleo (Dekocker, 2018). É así como Venezuela pasa de ser, nun principio, un país receptor de inmigrantes por case dous séculos (Páez e Phélam, 2019), a un país condenado ao exilio cunha crisis migratoria que se manifesta, sobre todo, naquela poboación que presenta unhas condicións de vulnerabilidade e pobreza moi altas. Este feito, como ben expón Dekocker (2018), desencadeou un certo medo, polo futuro do país e de perder o estatus económico e social, de parte dalgúns venezolanos que abandonaron o país, un éxodo que estará presente durante os últimos 22 anos. Desta forma, entre 1998 e 2013 comeza un período caracterizado pola gran cantidade de inmigrantes de orixe venezolano que, a partir de 2010, chegaron a Estados Unidos, a España e a destinos latinoamericanos como Colombia, Panamá, ou Perú (Brito, 2019). En esta etapa, a migración vólvese ordenada, documentada, calificada e cunha motivación, principalmente, económica (Páez e Mhélán, 2019).

Pódese diferenciar un último intervalo de tempo dende 2014 ata 2018. Nesta etapa ten lugar o ascenso ao poder de Nicolás Maduro que se caracteriza por un deterioro constante das variables macroeconómicas e sociais (Levy, 2018 dentro de Páez e Mhélán, 2019), eses factores fan que o autor Hanke (2018), o denomine como o país máis miserable do mundo en 2017. Segundo Páez e Mhélán (2019), a suma de problemas sociais, económicos, políticos e demográficos no país deron lugar a unha situación de *warming* establecida polo “Índice de Estados Fráxil” onde Venezuela, en 2017, recibiu un 86,2 dos 120 totais e ocupou o primeiro posto entre os 19 países latinoamericanos.


A esta serie de motivos, que impulsan a saída de venezolanos do país, hai que sumarlle o desabastecemento de alimentos e medicinas como factor principal e outros máis secundarios, pero igual de importantes, como a irregularidade dos servizos públicos de auga ou electricidade (Mesa, 2020). Por outro lado, o feito de que Venezuela se convertera nun país perigoso e hostil produce, como resultado, un territorio con conductas predatorias, de inseguridade persoal e xurídica que desencadean na aparición de explotación, trata de persoas e violencia (Castillo e Reguant, 2017). É preciso puntualizar un aspecto que establece Mesa (2020), mencionado anteriormente, que é a chegada ao

país de acollida, neste caso, España. Ela expón que a precariedade da nova condición de mulleres migrantes, a necesidade de enviar cartos aos seus familiares de Venezuela, manter aos fillos entre outras cousas, provoca un alto nivel de precariedade e, por tanto, unha potencial vítima de trata.

A migración masiva cara España tivo lugar dende 1998 ata á actualidade. Son varios os factores que influíron na decisión dos venezolanos de asentarse no territorio español. Castillo e Reguant (2017) diferencian tres concretamente: en primeiro lugar, a gran proximidade en canto ao idioma que, a pesar de ter certas diferenzas entre si, pódese utilizar a lingua de orixe; en segundo lugar, a cultura que existe dende época colonial debido á presenza dos españois, e que segue persistindo historicamente no país venezolano; en terceiro lugar, o estatus legal e a posesión da nacionalidade do país español. Dekocker (2018) apunta que esta capacidade dos/as venezolanos/as de poder entrar de maneira legal no país e, ademais, recibir a dobre nacionalidade foi o factor máis relevante que atribuíu ao territorio español o papel de principal destino. Destacar que nos Anexos VIII e IX represéntanse, no primeiro caso, os inmigrantes venezolanos segundo nacionalidade española e venezolana e no segundo as mulleres venezolanas con esta mesma distribución. Todos estes motivos, entre outros, fixeron que, en 2018, España fora o sexto país, elixido polos venezolanos, como destino e o primeiro a nivel europeo (De Aguiar, 2020).

Como se pode comprobar, o seguinte gráfico (Figura 6) proxecta a evolución da poboación venezolana en España dende 1998 ata á actualidade, segundo sexo. Isto permítenos apreciar mellor o proceso de acollida que presentou o territorio español durante este período. En xeral, os datos proxectan unha tendencia ao aumento que pasa de menos de 20.000 venezolanos ao principio da secuencia a case 200.000 en 2020 resaltando o notable crecemento que tivo lugar nos últimos cinco anos. Por outro lado, a poboación está feminizada, é dicir, preséntanse máis mulleres no territorio que homes, sobre todo, a final de período. Nos últimos anos, o sexo feminino presenta porcentaxes que non descenden do 57%: en 2016 un 58,7% (31.915), en 2017 un 58% (39.966), en 2018 un 57,7% (55.227), en 2019 un 57,4% (79.110) e no 2020 un 57,1% (107.945).


Figura 6. Evolución da poboación con nacionalidade venezolana en España por sexo (1998-2020).



Fonte: INE. Elaboración propia.

É así como se produce unha chegada e un asentamento de ditos inmigrantes nas distintas comunidades autónomas españolas, dando lugar a unha distribución de mulleres venezolanas, a partir dos datos máis recentes que se encontraron e que aparecen representados no seguinte mapa (Figura 7). Destacar que todos estes datos de inmigrantes venezolanos por comunidade autónoma están deslousados por sexo e dispoñibles no Anexo X.

Figura 7. Localización das mulleres venezolanas en España segundo lugar de procedencia por comunidades autónomas (2019).



Fonte: INE. Elaboración propia.

Con esta distribución, o principal destino das mulleres venezolanas en 2019 é a capital madrileña, a cal obtén datos superiores a 20.000, concretamente, 23.691 venezolanas (34,2%). Seguido desta encóntrase Cataluña que presenta 13.132 venezolanas (18,9%). A continuación, as comunidades que contan con valores máis altos son Canarias con 9.745 venezolanas (14%), a Comunidade Valenciana con 8.115 venezolanas (11,7%), Andalucía con 5.959 venezolanas (8,6%) e por último, o territorio de estudo, Galicia con 5.555 venezolanas (8%).


3.2. Galicia como territorio de acollida

Mergullando na comunidade galega, esta foi dende fai relativamente pouco un lugar de acollida. Nos séculos XIX, XX e XXI, Galicia presentaba unha emigración que ía directamente a outras rexións do estado español como, por exemplo, América Latina, o

Caribe español e o oeste de Europa. Porén, durante os anos 90 e principios dos 2000, Galicia comezou a ser o principal receptor da migración internacional e, principalmente, do terceiro mundo. Aldrey et al. (2008) establecen dous elementos que fan que o territorio galego sexa un foco atractivo nos fluxos migratorios internacionais. Por un lado, temos a súa “localización xeográfica: na periferia europea e peninsular, en fronteira con Portugal e, aproveitándose [...] da posición xeopolítica de España como a principal porta do Sur da Unión Europea” (Aldrey et al., 2008, p. 25). Por outro, está a estreita relación que presenta con América Latina, unha unión que axudou a establecer a Galicia o papel de comunidade de acollida durante as crises económicas e políticas ocorridas nalgúns países latinoamericanos.

O obxectivo das persoas que chegaban ao territorio era conseguir un emprego como serventes ou como traballadores na agricultura. A súa orixe, algunhas veces, relacionase coa similitude que ten o galego co portugués, un factor que potenciaba a chegada de inmigrantes de distintas zonas de Brasil e África. Aínda así, segundo Oso et al. (2007), en 1998 os principais estranxeiros proviñan, por un lado, da UE, fundamentalmente de Portugal, e por outro daqueles países europeos tradicionais da emigración galega como Suíza, Alemaña ou Francia. É a partir deste ano cando a tendencia modifícase coa entrada de novos inmigrantes a Galicia de orixe latinoamericano, unha entrada caracterizada por un aumento moi notable nas cifras superando, desta forma, ao fluxo europeo. Este feito fai que as persoas de América Latina pasan de ser 3.675 en 1999 a 12.649 inmigrantes en 2002 (Figura 8). Porén, nos anos seguintes, esta tendencia ao crecemento desaparece resultando nun descenso que perdurará ata 2013 e que volverá a aumentar para o final do período, obtendo a cifra máis alta da súa evolución no 2019 con 15.415 inmigrantes. Por outro lado, cabe destacar a escasa participación que presenta África, non superando en todo o período os 2.000 inmigrantes e mantendo unha tendencia constante.

Figura 8. Inmigrantes en Galicia segundo rexión de procedencia (1992-2019).




Fonte: IGE. Elaboración propia.

Unha característica moi importante de Galicia como territorio de acollida, é a presenza dunha inmigración moi feminizada de case tódolos países latinoamericanos. Segundo Oso, Golías e Villares (2007), diferéncianse dous tipos de inmigración feminina latinoamericana en Galicia. Por un lado, está aquela onde as mulleres son as pioneiras da cadea migratoria formando a cabeza familiar dos fogares transnacionais e deixando aos seus fillos e familiares no país de orixe. Por outro, destaca unha migración máis familiar que é iniciada por un membro da parella e que busca a instalación do fogar no país de acollida. No primeiro caso, resaltan aqueles países con un alto porcentaxe de mulleres inmigrantes como poden ser Paraguai (74,3%), México (67,5%) ou Brasil (66,7%) en 2020. En canto ao segundo caso, distínguense os estados que contan cun equilibrio na distribución por sexos de ditos inmigrantes como, por exemplo, Chile (53,67%), Perú (56%), Uruguai (54%) ou Venezuela (59%) en 2020.

Para empezar, a finais do século XX, concretamente 1999, o dato máis alto pertencía a Venezuela (32%) seguido de Arxentina (17%), Colombia (13%), México (10%) e Brasil (10%) (Anexo XI). Este predominio de venezolanos/as e arxentinos/as está directamente vinculado á relación que gardou Galicia con ditos territorios no seu proceso migratorio. En anos anteriores a 1980, o territorio galego presentou unha emigración masiva tanto a Venezuela como a Arxentina o que forxou un vínculo que se repetiría á inversa na posterioridade (Oso e Villares, 2005). Volvendo ao análise, no ano 2009, o posto de líder

que posuía o territorio venezolano é substituído por Brasil (23%) e pasa a establecerse no segundo lugar (17%). Seguido deste resaltan países como Colombia (13%), Perú (9%) e Arxentina (7%) (Anexo XII). A posíbel explicación do aumento do país brasileiro fai referencia á crise de recesión técnica na que caeu entre o último trimestre do 2008 e o primeiro semestre do 2009. Esta crise internacional supuxo unha saída masiva do territorio cara lugares que, como indicado anteriormente, tiveran un idioma común ou semellante, é dicir, Galicia e Portugal. Por último, destacar a distribución máis recente dispoñible, a de 2019 representada na Figura 9. Neste caso, Venezuela volve a obter o valor máis alto (36%) xunto con Colombia (16%), Brasil (12%) e Perú (9%). O feito de que a maioría dos inmigrantes que recibe a comunidade galega sexan venezolanos foi un dos motivos da miña escolla en dito traballo.

Figura 9. Inmigrantes en Galicia por país de procedencia en 2019.




Fonte: IGE. Elaboración propia.

A inmigración venezolana cara o territorio galego presentou unha crecemento constante dende 1998 ata a actualidade. Desta forma, para determinar o papel das mulleres nestes procesos migratorios é necesario establecer a evolución de ditos inmigrantes por sexos (Figura 10). Como se pode comprobar, as venezolanas presentan uns valores

predominantes en comparación co masculino en todo o período. Ademais, destaca unha inmigración moi relevante nos últimos anos (2019 e 2020) que alcanzan valores superiores ás 5.000 persoas no caso delas e a 3.000 persoas no caso deles. Este feito indica unha situación de feminización onde son as mulleres venezolanas as que toman a iniciativa da migración podéndose supoñer relacionar coa demanda de emprego que hai en Galicia respecto ao coidado do fogar e de persoas maiores.


Figura 10. Evolución da poboación de venezolanos en Galicia por sexo (1998-2020).



Fonte: INE. Elaboración propia.

Como xa indicado, xunto con Arxentina, o país venezolano é un dos lugares que máis galegos acolleu durante o seu proceso migratorio. Este feito provoca que, na actualidade, tanto arxentinas como venezolanas se localicen en Galicia polos lazos que familiares, como pais, avós ou parellas, ataron con Latinoamérica (Oso e Villares, 2005). Desta forma, favorecese o asentamento e a integración, tanto xurídica como social, de ditas inmigrantes nas diferentes provincias galegas (Figura 11).

Figura 11. Distribución da poboación feminina venezolana en Galicia por provincias en 2020.




Fonte: IGE. Elaboración propia.

Como se pode ver, o territorio galego divídese en dúas partes. Por un lado, está a zona occidental, é dicir, as provincias de A Coruña e Pontevedra as cales obteñen os maiores valores de mulleres venezolanas. No primeiro caso, a provincia coruñesa conta con máis de 8.000 persoas, 9.033 concretamente, mentres que a provincia pontevedresa obtén entre 4.000 e 8.000 habitantes (7.077). Pola contra está a outra parte de Galicia, a zona oriental. Nela destaca Lugo e Ourense, dúas provincias que presentan, cada unha, menos de 4.000 mulleres venezolanas. A provincia luguesa obtén 1.282 habitantes destas características mentres que a provincia ourensá alcanza as 3.830 venezolanas. Todos estes datos referidos a mulleres e homes inmigrantes venezolanos, están expostos no Anexo XIII.

Para caracterizar ao perfil, tamén é importante resaltar a idade das mulleres venezolanas que residen en Galicia na actualidade (Figura 12). Nese sentido é preciso destacar unha tendencia característica desta migración e que xa se viu anteriormente no caso español: en primeiro lugar, os altos valores que posúen aqueles intervalos que van dende os 40 aos 59 anos onde destaca como o máximo o comprendido entre os 50 e os 54 con case 2.500 persoas, 2.482 concretamente. E en segundo lugar, o escaso número de persoas maiores

de 65 anos en comparación con aqueles menores de 29 anos. Por outro lado, a idade dos homes é practicamente idéntica a das mulleres (Anexo XV), onde tamén predominan aqueles inmigrantes venezolanos de entre 50 e 54 anos xunto cos de 45-49 anos e 55-59 anos.

Figura 12. Poboación de mulleres venezolanas en Galicia por grupos de idade (xaneiro de 2021).



Fonte: INE. Elaboración propia.

Por último, respecto ao emprego, segundo os datos facilitados polo IGE, en marzo de 2021, o 94,28% das mulleres venezolanas afiliadas á Seguridade Social, traballan no sector servizos, mentres que o 5,72% restante divídese dentro do sector da agricultura e pesca (0,49%), da industria (3,94%), e da construción (0,77%) xunto cun 0,53% que non consta. En canto aos homes venezolanos, estes presentan un claro predominio no sector servizos (77,9%), seguido dun porcentaxe do 10% no sector industrial e un 8,84% no sector da construción.

4. Fontes e metodoloxía

Dende o punto de vista metodolóxico, este traballo adopta un enfoque cualitativo, por un lado, e un cuantitativo por outro. O enfoque cualitativo, tal e como apunta Hernández (2012), axuda a discutir ou criticar a información cuantitativa e permite indagar na investigación dunha forma moito máis específica. Este tamén permite obter nunha

revisión da literatura científica relativa ao tema a tratar e mergullar naquela información proporcionada por diversos autores. Segundo Figueroa (2001), a investigación cualitativa require da capacidade do investigador de comprender o comportamento humano e as razóns que o gobernan. O meu traballo expón o colectivo feminino venezolano polo que é necesario destacar á autora Creswell (2003), a cal fala sobre aqueles grupos ou individuos da sociedade que están marxinados ou privados dos seus dereitos e que son un obxecto de estudo moi interesantes. Esta tamén expón as denominadas perspectivas feministas, un enfoque presente neste traballo e que se centra nas problemáticas que sofren as mulleres nas diversas situacións opresivas (Creswell, 2003).

O punto de vista cuantitativo fai referencia á significación estatística dos resultados e á súa posterior codificación (Grau, n.d.). Segundo Hernández (2012 p. 5): “A investigación cuantitativa busca responder aos interrogantes que, cal, onde, cando, para que, e faino con mostras representativas con certo grado de confianza”. Ademais, sempre desde o punto de vista de Hernández (2012) este método implica partir dunha teoría xeral establecida da que se derivan as hipóteses. Desta forma, este tipo de enfoque relacionase co meu traballo en canto á revisión de fontes estatísticas extraídas do INE e IGE, así como tamén co tratamento deses datos a través da realización de gráficos ou mapas.

Con todo isto, o meu proceso metodolóxico divídese nas seguintes etapas:

- 1) Revisión de literatura científica (Grau, n.d.): En primeiro lugar, indagouse en artigos e libros relacionados co dominio do traballo que permitiron familiarizarme cos fenómenos migratorios en xeral e logo máis concretamente cos femininos. Esta etapa axudou a comprender en profundidade o tema a tratar.
- 2) Elaboración dun marco teórico: Unha vez recollida a información á manexar, foi necesario filtrar a máis relevante e a que mellor se axustase á investigación para poder relacionala entre si e crear una contextura xeral a nivel estatal que introduza o seguinte apartado, máis especificativo.
- 3) Análise do caso de estudo: Esta etapa está relacionada coa anterior e consiste en estudar, máis concretamente, a situación que se quere analizar en profundidade. O ámbito xeográfico no que se levou a cabo a investigación é na Comunidade Autónoma de Galicia. Para o seu estudo dividiuse o apartado en dous: por un lado, a situación política, económica e social do país venezolano que provocou a

emigración masiva cara España, e por outro, o papel de Galicia como territorio de acollida de venezolanos.

- 4) Creación de figuras: Mediante a utilización dos programas Excel e ArcGIS, realizáronse unha serie de gráficos, mapas e táboas (dispoñibles ao longo do traballo e nos anexos) a partir de información estatística proporcionada, principalmente, polo INE e IGE, así como tamén por algunhas referencias bibliográficas. É necesario expoñer que para determinar os sectores económicos nos que traballan as mulleres venezolanas foi necesario contactar co IGE para que me facilitasen os datos deslousados por país de orixe e por sexo. Estes elementos axudan a complementar o contido escrito e a visualizalo dunha maneira máis clara e concisa. Por esta razón optouse por fortalecer a revisión teórica con algunha revisión estatística.
- 5) Elaboración de métodos para o traballo de campo: A construción dun o varios instrumentos que permitiron investigar a información necesaria na que fundamentar o análise, así como tamén determinar ao grupo diana. As participantes foron escollidas para que as características e situacións destas chegasen a responder ao fenómeno de estudo, procurando obter a información máis frutífera posible (Redruello, 2016). Na seguinte Figura 13 establécense os criterios establecidos para identificar a poboación diana:

Figura 13. Criterios para a identificación do grupo diana.



Fonte: Elaboración propia

Desta forma, o traballo de campo consiste no emprego de dous tipos de ferramentas moi comúns nos estudos das ciencias sociais, as enquisas e as entrevistas.

4.1.Enquisas

Durante a elaboración deste método, establecéronse unha serie de preguntas directas e que proporcionaran unicamente aqueles datos indispensables e necesarios. Segundo Grau (n.d.), máis información ou información innecesaria pode desencadear en respostas non veraces. É así como se conseguiu enquisar vía online a 27 mulleres venezolanas, asentadas en Galicia, que foron contactadas a través de redes sociais e de persoas coñecidas. Cabe destacar que se intentou acudir a diversas asociacións de venezolanos en Galicia, pero ningunha delas proporcionaron ningún tipo de contacto.

Para a creación e distribución das enquisas empregouse o formato Google Formulario onde se dividiron as preguntas en seis bloques concretos. En primeiro lugar, buscouse o perfil sociodemográfico, un aspecto que axuda a establecer que tipo de persoas responderon a través de cuestións como a idade actual, o estado civil ou o número de fillos. En segundo lugar, determinar o proxecto migratorio, é dicir, un análise de como foi a súa migración cara Galicia e como se encontran na actualidade. Desta forma, trátanse aspectos como os motivos que impulsaron o desprazamento, se veu acompañada ou soa, de cantas persoas está formado o seu grupo familiar, entre outras. En terceiro lugar, foi necesario realizar un repaso polas súas vidas en Venezuela o que proporciona unha visión do nivel de vida e estudos que mantiñan alí. En cuarto lugar, creouse un apartado unicamente dedicado ao emprego a través dunha serie de preguntas referentes ao traballo actual en Galicia e que pode ser relacionado co punto anterior. Destacan algunhas onde se lles pregunta, por exemplo, se teñen máis dun traballo ou se alguén máis da súa unidade familiar, a parte de elas, posúe un emprego ou se sufriron (e sofren) algún tipo de discriminación exercendo o seu oficio. En quinto lugar, as diferenzas culturais son moi importantes; por un lado, preguntóuselles polo impacto que sufriron á hora de comunicarse ou adaptarse á cultura galega e, por outro, foi determinante saber o cambio na mentalidade que puideron desenvolver na súa estancia. En sexto e último lugar, exploráronse as perspectivas de futuro, é dicir, se teñen pensado quedarse en Galicia, se

coñecen ou participan en algunha asociación e se teñen constancia de algún tipo de maltrato de xénero cara mulleres venezolanas.

4.2. Entrevistas semiestructuradas

Este tipo de instrumento é moi similar á enquisa, porén diferéncianse nun aspecto concreto: no carácter persoal que se da nas entrevistas onde o entrevistador ten a capacidade de ir preguntando á persoa entrevistada as cuestións que vaian xurdindo coa conversación. Desta forma, mergullase máis no tema e acádanse respostas máis específicas. Para completar o traballo de campo, efectuáronse dúas entrevistas a dúas mulleres venezolanas, mediante a plataforma Skype, en base ás mesmas cuestións que nas enquisas, mencionadas anteriormente.

Táboa 1. Ficha técnica das entrevistas.

Tipo de enquisa	Entrevista semiestructural con guión
Tamaño da mostra	Dúas entrevistas
Abreviaturas	ET1: Primeira persoa entrevistada ET2: Segunda persoa entrevistada
Medios empregados	Skype
Data de realización	11 de xuño do 2021

Fonte: Elaboración propia.

5. Resultados e discusión


Neste apartado, preséntanse os resultados e a discusión dos datos obtidos durante as 27 enquisas e as 2 entrevistas. Desta forma, dividíronse as respostas en cinco bloques temáticos: 1) Perfil sociodemográfico; 2) Proxecto migratorio; 3) Emprego; 4) Entorno e cultura; 5) Conclusión dos resultados.

5.1. Perfil sociodemográfico

Durante todo o estudo, procuráronse obter respostas de persoas con diferentes idades para contar cunha visión moito máis ampla, e así foi. Cabe destacar que non se buscaron resultados de menores de idade, xa que o interesante neste análise é obter respostas de

mulleres venezolanas que foran conscientes do proceso migratorio e de todo o que iso supón. Os resultados establecen unha distribución por idades con unha clara tendencia ás mulleres de entre 40 e 59 anos (75,1%), onde a súa concentración prodúcese no grupo de idade de 50 a 54 anos (28,6%) seguido do intervalo de entre 40 e 44 anos (17,9%) (Figura 14). Estes resultados son moi similares aos expostos a escala galega, polo que pódese confirmar que o perfil da inmigrantes venezolana é o de unha persoa de mediana idade. En relación co indicado a nivel estatal, a maioría das inmigrantes que proveñen de Latinoamérica presentan un rango de idade moito máis baixo, de entre 20 a 34 anos, pois a motivación é claramente laboral. Pero, no caso venezolano, a idade máis avanzada introduce un motivo principal que non é soamente económico, senón tamén político e de reagrupación familiar, aspectos que se expoñerán posteriormente.

Figura 14. Mulleres venezolanas enquisadas e entrevistadas por grupos de idade (%).



Fonte: Enquisas e entrevistas a inmigrantes venezolanas. Elaboración propia.

Por outro lado, en canto ao relacionado co estado civil, un 62,1% di estar casada, un 24,1% solteira e os dous 6,9% restantes divorciadas ou en parella. Ademais, de todas elas, un 82,8% teñen fillos onde se establece o máximo porcentaxe naquelas mulleres que teñen dous (48,3%), seguidas daquelas que teñen tres (17,2%) e catro (3,4%).

Para entender o entorno das participantes, foi necesario preguntar o número de persoas que forman os seus grupos familiares. Os resultados amosan un porcentaxe do 41,4% nas

unidades de catro persoas, un 17,2% nas de cinco persoas, un 13,8% nas de seis persoas e un 10,3% nas de tres persoas. Tamén cabe destacar o 6,9% que presentan unha unidade familiar de oito persoas. Como se pode comprobar, as mulleres enquisadas e entrevistadas conviven cunha gran cantidade de integrantes, persoas das que se poden destacar os fillos (77,8%), os esposos (66,7%) e os pais (29,6%) fronte a outro tipo de persoas (7,4%) e os irmáns (3,7%). É interesante resaltar que ningunha das persoas entrevistadas ou enquisadas vive soa nin con amigos. Tendo en conta estes datos pódese destacar dúas cuestións: en primeiro lugar, a maioría das participantes teñen ao seu home e aos seus fillos vivindo con ela en Galicia, o que impulsa unha vez máis o motivo de reagrupación familiar e a inmigración acompañada; e, en segundo lugar, encóntranse aquelas que viven soas ou con amigos e familiares que xa coñecían en Galicia.

Neste mesmo bloque, tratáronse algúns aspectos relacionados coa vida de ditas mulleres en Venezuela. En primeiro lugar, buscábase saber en que lugar vivían antes da migración e un 74% residía na capital, a cidade de Caracas. Destacan outros lugares como Maracaibo e Valencia cun 7,4% cada un respectivamente. En segundo lugar, o nivel de estudos que cursaron no país venezolano é un factor moi relevante e que se pode poñer en relación cos posteriores resultados referidos ao emprego. En xeral, case todas as participantes cursaron estudos universitarios presentando un valor do 79,3% e, seguido deste, destacan os estudos de bacharelato cun 17,2% (Anexo XVI). Este alto nivel de estudos vese proxectado na capacidade de encontrar traballo, un aspecto que será comentado posteriormente.


5.2. Proxecto migratorio

No referente ao proxecto migratorio, en primeiro lugar, preguntóuselle a idade e o ano de chegada a Galicia. Por un lado, a idade da inmigrante no ano de chegada é un factor fundamental para a súa integración, o seu grao de aculturación, aprendizaxe da lingua e escolarización. Desta forma, un 25,9% tiñan entre 18 e 25 anos, un 22,2% entre 41 e 50 anos e un 18,5% entre 31 e 35 anos. Ademais da idade, outro aspecto que axuda á adaptación de ditas mulleres venezolanas é a presenza dunha persoa coñecida ou familiar, neste caso, no territorio galego. Das participantes, un 77,8% contaba cunha persoa de confianza en Galicia mentres que o 22,2% restante non. Tamén, é importante saber se viñeron soas ou acompañadas e, segundo os resultados, un 74,1% veu acompañada

mentres que un 25,9% veu soa. Con estes datos, pódese afirmar o tema exposto anteriormente, pois a maioría das inmigrantes viñeron acompañadas e xa coñecían un familiar en Galicia o que se relaciona directamente cos integrantes do fogar, é dicir, o esposo e os fillos. Desta forma, segundo os resultados dos traballo de campo realizado, a inmigración feminina venezolana cara Galicia ten como motivación unha reagrupación co esposo, cos fillos ou con ambos e que pode darse de maneira tanto solitaria como acompañada; por outro, está aquel desprazamento migratorio que ten lugar por diferentes motivos, pero que inclúe a compañía do núcleo familiar durante o proceso.

Un tema a destacar é ano de chegada representado na seguinte Figura 15. En xeral, a maioría das mulleres venezolanas chegaron entre o 2016 e o 2020 (37,93%) e, en segundo lugar, entre 1995 e 2010 un 51,72% onde destaca como valor máis alto o que comprende entre 2001 e 2005 cun 24,14%. É así como o porcentaxe máis alto relaciónanse directamente coa evolución da poboación venezolana en Galicia, exposta anteriormente, a cal indicaba un crecemento moi considerable nos anos 2019 e 2020.

Figura 15. Etapas de chegada de mulleres inmigrantes venezolanas a Galicia.



Fonte: Enquisas e entrevistas a inmigrantes venezolanas. Elaboración propia.

Os datos proxectados teñen unha relación directa coa situación de crise tanto económica como política e social de Venezuela. O período de aumento da inmigración Venezolana a Galicia entre os anos 1998 e 2010, ten relación co exposto anteriormente, é dicir, coa chegada ao poder de Hugo Chávez, por un lado, e a crise económica resultado da caída

do prezo do petróleo, por outro (Brito, 2019 e Dekocker, 2018). Respecto á etapa entre 2016 e 2020, o alto porcentaxe ten que ver coa presidencia de Nicolás Maduro e a cantidade de problemas que trouxo consigo. O desabastecemento de alimentos e medicinas como factor principal xunto con outros máis secundarios, deron lugar a unha segunda saída masiva de persoas venezolanas a destinos tanto latinoamericanos como europeos, sendo Galicia un deles. Esta segunda ola migratoria, tal e como se comentou anteriormente, estivo caracterizada por motivos principalmente políticos que deron lugar a unha reagrupación con aqueles familiares que migraron a Galicia entre 1998 e 2010. Este factor supón un aumento do núcleo familiar e unha relación directa co alto número de integrantes que compoñen o fogar das participantes. Ademais, se unimos os datos do IGE sobre a evolución dos inmigrantes venezolanos en Galicia por sexo coas respostas das participantes sobre o ano de chegada, pódese chegar á conclusión de que, tanto na primeira ola como na segunda, a inmigración está feminizada, un factor que pode supoñer unha posible chegada das mulleres entre 1998 e 2010 e unha posterior migración dos seus respectivos homes ou fillos, así como tamén en menor medida con nais, pais e irmáns, para reagruparse con elas. Por último, cabe destacar o pouco porcentaxe de mulleres inmigrantes que chegaron en 2021, isto pode ter relación coa pandemia do Covid-19 que impediu o desprazamento a outros países.


Porén, para saber concretamente cales foron os motivos que impulsaron a inmigración das participantes, fíxose unha pregunta que acadou os seguintes resultados (Anexo XVII): para empezar, os motivos que recibiron o maior porcentaxe (39,39%) foron os políticos, reforzando o dito anteriormente en relación cos gobernos de Chávez e Maduro. Seguido destes, están os motivos familiares (24,24%), é dicir, a de reagrupación cun membro da familia no país destino, un aspecto que xa se leva comentando durante todo o apartado. Logo disto, os económicos (24,24%), impulsados pola necesidade de encontrar un traballo que lles asegure unha calidade de vida digna. E, en último lugar, destacan cun 6,06% tanto os sociais como os formativos. É necesario resaltar que, nas enquisas realizadas, as participantes só podían indicar unha única resposta polo que non se pode excluír a combinación de dúas ou máis motivacións. Por outro lado, en xeral, a maioría das causas que levaron a estas mulleres venezolanas a migrar, son forzadas; de feito, o 74,1% das participantes confirman si que se viron obrigadas a saír do seu país.

5.3. Emprego

En relación co apartado anterior, unha das causas máis relevantes no proceso migratorio venezolano son as motivacións económicas. Para o análise deste bloque establecéronse dous subapartados: por un lado, está a situación laboral das mulleres en Venezuela e, por outro, en Galicia. A finalidade destas preguntas foi establecer o tipo de empregos que, as inmigrantes venezolanas, posuían en Venezuela e os que posúen na actualidade para demostrar que, debido ao proceso migratorio, a calidade destes redúcese moi considerablemente impedindo que traballen no seu sector (Jolly, 2005)

Para empezar, o 85,2% das mulleres, si que contaban cun traballo en Venezuela e, a través da agrupación das respostas en función do sector ao que pertence cada emprego, realizouse o seguinte gráfico de sectores (Figura 16). Como se pode comprobar, a maioría das participantes contaban cun posto no sector sanitario (29%), no sector administrativo (22%) e no sector educativo (15%). Esta información proxéctanos o bo nivel económico e a calidade de vida media-alta que estas mulleres posuían no país venezolano e que se relaciona directamente cos estudos universitarios mencionados anteriormente.

Figura 16. Empregos das participantes en Venezuela segundo sector (%).




Fonte: Enquisas e entrevistas a inmigrantes venezolanas. Elaboración propia.

Porén, unha vez chegan ao lugar de acollida, a situación laboral e económica cambia debido ás dificultades e retos que presenta a migración (Godoy, 2007). É relevante destacar que, un 70,4% das mulleres enquisadas e entrevistadas, afirman que non chegaron a traballar no seu sector, un dato que reafirma a obriga de aceptar traballos precarios ou en negro para sobrevivir (De Aguiar, 2020). Deste xeito, preguntóuselles as participantes cal fora o seu primeiro traballo en Galicia (Anexo XVIII) e un 38% responderon empregos relacionados co coidado do fogar (10%) e coidado de persoas (28%), confirmándose así a hipótese patexada anteriormente. O sector sanitario que posuía o porcentaxe máis alto en Venezuela, pasa a ocupar o terceiro lugar cun 21% e aparece a hostaleira cun 10% como novo sistema laboral. Estes datos mostran unha diferenza moi alta na calidade e precariedade dos traballos e nos ingresos recibidos.

Por outro lado, en segundo lugar, realizáronse certas preguntas en relación a como está a situación laboral na actualidade. Das 29 participantes, un 75,9% contan cun so traballo, un 13,8% teñen dous, un 3,4% máis de tres e un 6,9% están desempregada. Respecto a este tema, ET2 dixo o seguinte: “Vin por traballo a Galicia e os primeiros meses conseguín un emprego como directora dun parque infantil. Cinco anos despois cheguei a exercer no meu sector como psicóloga nun psicotécnico durante seis meses. Porén, dende fai moito tempo, non teño traballo, unicamente dou clases de inglés en negro para sobrevivir”.

Volvendo ao caso daquelas que si que presentan un emprego, tal e como se apuntou no caso de estudo mediante os datos proporcionados polo IGE, a maioría das mulleres venezolanas traballan no sector servizos (96%). Dentro deste grupo, as respostas son variadas, porén, os traballos relacionados coa sanidade volven a subir obtendo o máximo porcentaxe, un 26%, seguido do comercio (18%), o coidado do fogar (15%) e administración (15%) (Figura 17). A diferenza das primeiras ocupacións, neste caso a tendencia presenta unha maior similitude coa proxectada en Venezuela. Isto ten relación coa capacidade de adaptación de ditas mulleres no territorio de acollida e coas oportunidades que teñen para obter unha ocupación digna. Cabe destacar a resposta de E13 que expuxo que, na actualidade, si chegou a traballar na súa área, é dicir, no mesmo sector que en Venezuela.

Figura 17. Empregos das participantes en Galicia segundo sector (%).



Fonte: Enquisas e entrevistas a inmigrantes venezolanas. Elaboración propia.

Porén, resaltan dous aspectos: en primeiro lugar, o porcentaxe do coidado do fogar segue sendo bastante alto o que segue denotando unha precariedade laboral de baixa calidade; e, en segundo lugar, hai que ter en conta o case 7% das participantes que non presentan unha situación laboral estable e que, por tanto, sofren unha desigualdade económica moi pronunciada que lles impide vivir dignamente.

Este aspecto vese referenciado nunha cuestión relacionada coas perspectivas de futuro e que pregunta cal é o aspecto que cambiarían de Galicia. De todas as respostas destacan algunhas como a de E4: “O meu traballo, sinto que non me da a oportunidade de seguir avanzando”, a de E8: “A situación laboral é escasa”, ou a de E17: “Falta de traballo fixo”. Como se pode ver, moitas das participantes relacionan o territorio galego coa falta de traballo e de oportunidades, un aspecto que determina a súa calidade de vida e economía. Ademais, tamén se volveu a facer referencia á unidade familiar e á cantidade de persoas convivintes que, a parte delas, contan cun posto laboral, a maioría (44,4%) responderon unha persoa. Isto pódese relacionar co tipo e número de integrantes que compoñen a unidade familiar, pois a maioría van dende as catro ata as oito persoas onde destacan os fillos, o esposo e os pais. Estes datos supoñen a entrada de ingresos económicos por parte

de dúas únicas persoas que sustentan a un núcleo familiar moi amplo e que, nalgúns casos, pode dar lugar a unha aumento na pobreza e na vulnerabilidade.

5.4. Cultura e entorno.

Gran cantidade de veces, durante o proceso migratorio teñen lugar unha serie de cambios dunha cultura de orixe a outra propia do país de acollida, uns cambios que fan que as persoas migrantes modifiquen a súa forma de ver a vida (Shurmer, 2002). Neste bloque analizouse o cambio na percepción da cultura, da mentalidade e da seguridade nas participantes cando chegaron a Galicia. A primeira pregunta facía referencia a se notaron algún tipo de diferenza da cultura venezolana á galega e, máis dun 80% (81,5% concretamente) o confirma podendo destacar algunhas respostas como a de E12 que di o seguinte: “Os abertos que son de mente en España”, unha resposta que contrasta coa de E24 que expón: “A discriminación coa muller suramericana”. Tamén, resalta unha puntualización que explicou ET1, e é que en España e, polo tanto en Galicia, os xoves independízanse, antes que en Venezuela, do seu lugar de residencia e xustifica esta disparidade coa dualidade nas situacións económicas: “Alí polas condicións xa sexan económicas ou por moitos motivos non se pode”. Ademais, por outro lado, é importante resaltar a entrevista de ET2, xa que expuxo unhas situacións de discriminación racista que viviu aquí en Galicia: “Unha vez dixéronme que os latinos eran demasiado acaramelados e que esa dozura era enfermiza”.

A seguinte pregunta, trataba o tema da posible transformación na mentalidade de ditas mulleres en Galicia. Das 29 participantes, un 68,97% afirman que si que cambiaron a súa forma de pensar en canto a certos temas. De todas elas, destacan comentarios como: “Aprendín a apreciar a calidade de vida” (E1) ou “Cada vez teño a mente máis aberta” (E4). Tamén, un aspecto moi interesante son aquelas respostas (20%) que teñen que ver coa tranquilidade e seguridade, dous factores que, segundo as participantes, xa non están presentes en Venezuela. Ademais, unha das mulleres venezolanas enquisadas (E3) establece o seguinte: “Aquí en España falase acerca de machismo e de desigualdade de xénero, pero de 100% hai 20% en comparación co que hai en Venezuela. O liberalismo da xente de aquí non é o mesmo que o de alí, alá sénteste moito máis presionada á hora de vestir, falar ou ser quen es”.

Este aspecto relaciónase directamente co exposto por ET1, a cal fala sobre o medo que tiña, antes do proceso migratorio, a ser discriminada noutros países por ser de América Latina: “Ao final dáste conta de que es do mundo, non tes nacionalidade. Ao final dáste conta de que non es de Venezuela nin de España. A miña casa é esta agora e se algún día teño que ir a outro país, sei que non vai pasar nada, que me vou a adaptar e a conseguir traballo igualmente”. E, en segundo lugar, está ET2 a cal expón que, a pesar de haber vivido en Caracas, na actualidade non sabe se podería habituarse as costumes de alí: “A xente de alí xa non é como era antes. Ademais, hai algo que eu claramente non podería aceptar se volo alí e é o canon de beleza, ese amor excesivo ou o vivir para o teu corpo, un aspecto que cando estás alí non te das conta e que agora chega a molestarme de Venezuela. Aquí en Galicia a xente é máis sinxela. Porén, boto de menos que as persoas me fagan cumpridos, os estrañas, en España xa non o fan por se é considerado acoso”.

5.5. Conclusións dos resultados

En relación co exposto nos resultados, pódense sacar as seguintes conclusións: En primeiro lugar, establecece un perfil de muller inmigrante venezolana que vai dende os 40 aos 59 anos. Este rango de idade ten relación co principal motivo que impulsa os desprazamentos venezolanos cara o territorio galego, o político. Porén, destacan outros como os familiares e os económicos. No primeiro caso, cabe puntualizar o tamaño da unidade familiar, un factor que ven dado pola reagrupación familiar onde os principais integrantes, é dicir, os fillos e os esposos, tamén están Galicia. En relación con isto, a maioría das participantes viñeron acompañadas e xa tiñan algún tipo de familiar en Galicia, factor que axudou a unha mellor integración na cultura galega. No segundo caso, están os motivos económicos que proxectan una desigualdade moi clara no momento da chegada ao territorio galego e que se relaciona directamente co concepto de xénero. Desta forma, o proceso migratorio fixo que as participantes, as cales contan, na súa maioría cun nivel de estudos universitarios, pasaran dun nivel medio-alto economicamente a un nivel máis baixo e con menos ingresos. É así como as inmigrantes foron obrigadas a exercer empregos relacionados co coidado do fogar e de persoas, cumpríndose así o discurso de domesticidade de Rodríguez (2007) e a relación de empregos menos cualificados para as mulleres de Jolly (2005). Porén, a medida que se van integrando e adquirindo un papel máis activo na sociedade, esta tendencia modifícase e da lugar á posibilidade de volver a

traballar no sector de orixe ou abrir posibilidades con outras ocupación como, por exemplo, o comercio. Ademais, hai que ter en conta que un 7% das participantes están desempregadas, un aspecto que impulsa a busca de empregos en negro para poder sobrevivir. Por último, respecto á cultura, a maioría das inmigrantes venezolanas sufriron un cambio nas súas mentalidades por outras máis liberais. Ademais, en relación co motivo político que impulsou a migración, as participantes aseguran estar máis tranquilas e seguras en Galicia, a pesar de que, algunhas delas, recibira certo tipo de discriminación, principalmente racial.

6. Conclusións

En canto ao abordado ao longo do TFG, cabe resaltar unha serie de aspectos. En primeiro lugar, os motivos dunha inmigración son variados, porén, no caso das inmigrantes venezolanas, as causas son principalmente políticas. O goberno actual de Venezuela proxecta unha situación de sometemento a desigualdades e estereotipos para o sexo feminino, un medo que desaparece unha vez chegan a Galicia e que proporciona un sentimento de aceptación, tranquilidade e seguridade. Deste xeito, grazas a esta liberdade que senten, moitas delas presentan un autodescubrimento e un cambio na mentalidade mostrado nos resultados. Aínda así, algunhas das respostas acadadas mediante entrevistas e enquisas mostran certo grado de discriminación cara este tipo de colectivos, un aspecto que, a pesar de contar con valores moi baixos, é necesario resaltar. Ademais, a integración de ditas mulleres na sociedade, gran cantidade de veces, ven determinada polas relacións que teña co territorio de acollida. Cando unha das inmigrantes presenta, principalmente, un familiar en Galicia prodúcese un coñecemento do lugar e, por tanto, a probabilidade de sufrir algún tipo de vulnerabilidade redúcese. O mesmo pasa cando estas mulleres venezolanas veñen acompañadas dunha persoa próxima durante o proceso migratorio. En segundo lugar, as unidades familiares venezolanas presentan un número bastante amplo de integrantes, principalmente fillos e esposos. Este feito complementase coa situación económica do núcleo onde un número moi baixo de persoas posúe un emprego que proporcione ingresos á unidade familiar, dando lugar a unha clara vulnerabilidade. Outro aspecto a destacar fai referencia á evolución dos inmigrantes venezolanos no territorio galego, un desenvolvemento con un claro predominio do sexo feminino.

De acordo cos obxectivos establecidos na introdución, o estudo conseguiu establecer un modelo migratorio feminino venezolano a través das entrevistas e enquisas. A hipótese do presente TFG era a seguinte: o efecto do concepto de xénero nas desigualdades e problemas das migracións femininas venezolanas cara Galicia. Desta maneira, a investigación proporcionou unha relación directa entre o concepto de xénero e a desigualdade das inmigrantes no que respecta ao emprego. En relación con isto, é necesario retomar un punto moi importante de Godoy (2007) que fala sobre o descenso do nivel de vida das mulleres inmigrantes ocupando postos pouco profesionais por debaixo das súas capacidades. Dito factor complementase cos resultados acadados sobre as inmigrantes venezolanas onde a maioría delas presentan unha carreira universitaria e uns estudos en sanidade. Este feito da lugar a unha xerarquía de roles tradicionais onde o sexo feminino ocúpase de traballos relacionados co fogar, co coidado de persoas e co discurso de “domesticidade” exposto por Rodríguez (2007), que mesmo os datos proporcionados polo IGE sobre a distribución dos inmigrantes venezolanos por sectores económicos amosan. Estes valores proxectan unha clara tendencia ao sector servizos nas mulleres que contrasta co caso dos homes, os cales presentan uns porcentaxes bastante elevados noutros sectores como a industria e a construción. Desta forma, confírmase o influencia do xénero respecto ao traballo mediante estes datos cuantitativos e os resultados acadados mediante as entrevistas.

A medida que as venezolanas se van integrando no territorio, esta desigualdade cambia lixeiramente e vanse modificando os traballos de baixo nivel por outros moito máis cualificados e que outorgan á muller inmigrante un papel máis activo na sociedade. Porén, a capacidade de obter un emprego digno para as inmigrantes en Galicia segue sendo un problema que se debe solucionar e que, mentres que non se faga, será sendo obxecto de un nivel económico moi baixo nas familias estranxeiras.

7. Referencias bibliográficas

- Abu-warda, N. (2008). Las migraciones internacionales . *Revista De Ciencias De Las Religiones*, 33 - 50. *Universidad Complutense de Madrid*. Madrid. Disponible en: <https://revistas.ucm.es/index.php/ILUR/article/view/ILUR0707550033A>. Consultado a 25/4/2021.
- Aldrey, J.A., González, J.M & Santos, X.M. (2008). A inmigración estranxeira en Galicia. Identificación de comportamentos sociais e decisións territoriais a partir da opinión dos diferentes colectivos de inmigrantes. *Secretaría Xeral de Emigración*. Xunta de Galicia. Galicia.
- Álvarez, R. (2007). Evolucion historica de las migraciones en Venezuela. Breve recuento. *Aldea Mundo*. Vol. 11 (22), pp. 89-93. Disponible en: <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=54302209>. Consultado a 27/5/2021.
- Aruj, R. (2008). Causas, consecuencias, efectos e impacto de las migraciones en Latinoamérica. *Papeles de población*. Vol. 14 (55), pp. 95-116. Disponible en: http://www.scielo.org.mx/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1405-74252008000100005. Consultado a 27/4/2021.
- Ayuso, A. & Pinyol, G. (2010). Inmigración latinoamericana a España. El estado de la investigación. *Fundació CIDOB*. Edicions Bellaterra.
- Brito, C. (2019). El colapso de la migración venezolana: Una crisis anunciada. *Revista Crítica Penal y Poder*. Nº 18. *Universidad Complutense de Madrid*. Madrid. Disponible en: <https://revistes.ub.edu/index.php/CriticaPenalPoder/article/view/30421>. Consultado a 4/6/2021.
- Carretero, A. (2014). Migraciones y género. La feminización de la migración transnacional. *Papeles*: Nº 104. *Consejería de Justicia e Interior*. *Junta de Andalucía*. Disponible en: https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/migraciones_genero.pdf. Consultado a 23/2/2021.
- Castillo, T. & Reguant, M. (2017). Percepciones sobre la migración venezolana: causas, España como destino, expectativas de retorno. *Revista Migraciones*. *Instituto Universitario De Estudios Sobre Migraciones*, nº 41, pp. 133-163. Disponible en:

<https://revistas.comillas.edu/index.php/revistamigraciones/article/view/7898>.

Consultado a 27/6/2021.

- Chiarotti, S. (2003). La trata de mujeres: sus conexiones y desconexiones con la migración y los derechos humanos. *Centro Latinoamericano y Caribeño de Demografía*. Santiago de Chile. Disponible en: https://repositorio.cepal.org/bitstream/handle/11362/7176/S035292_es.pdf?sequence=1&isAllowed=y. Consultado a 27/4/2021.
- Consello Económico e Social de España (2019). Informe. La inmigración en España: Efectos y oportunidades. *Colección de informes*. Madrid. Disponible en: <http://www.ces.es/documents/10180/5209150/Inf0219.pdf>. Consultado a 22/3/2021.
- Creswell, J.W. (2003). Research design: Qualitative, Quantitative, and mixed methods approaches. *Thousand Oaks*, pp. 246.
- Dekocker, K.M. (2018). La comunidad venezolana en España. De una estrategia migratoria de reproducción social a una creciente pobreza emergente. En Koechlin, J. & Eguren, J. (2018). El éxodo venezolano: entre el exilio y la emigración. *Colección OBIMID*. Vol. 4. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=725410>. Consultado a: 27/5/2021.
- De Aguiar, M.T. (2020). Experiencias laborales de personas inmigrantes venezolanas en Galicia: un proyecto de investigación cualitativo crítico. *Universidade de A Coruña*. Galicia. Disponible en: https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/26705/DeAguiarLaRosa_Mar%20Teresa_TFG_2020.pdf?sequence=2&isAllowed=y. Consultado a 3/6/2021.
- Eurostat (2008). Recent migration trends: citizens of EU-27 Member States become ever more mobile while EU remains attractive to non-EU citizens. Disponible en: <https://ec.europa.eu/eurostat/documents/3433488/5583732/KS-SF-08-098-EN.PDF/fd0c3fbe-4119-4da6-9b6c-1039024b4e0b>. Consultado a 22/2/2021
- Eurostat (2019). Migration flows: Immigration to the EU-27 from non-member countries was 2.4 million in 2018. Disponible en: <https://ec.europa.eu/eurostat/statistics->


- [explained/index.php/Migration and migrant population statistics#Migration flows: Immigration to the EU from non-member countries was 2.7 million in 2019](https://ec.europa.eu/eurostat/index.php/Migration_and_migrant_population_statistics#Migration_flo ws: Immigration to the EU from non-member countries was 2.7 million in 2019). Consultado a 22/2/2021.
- Figueroa, J. (2001). Algunas dimensiones éticas en la investigación social sobre sexualidad. En Macklin, R. *et al.* (2001). Documento de trabajo, núm. 8, Ética, investigación y ciencias sociales, pp. 22-38. *Programa Salud Reproductiva y Sociedad*,. México.
 - Gil-Alonso, Bayona-i-Carrasco & Vono de Vilhena (2012). Las migraciones internas de los latinoamericanos en España: del boom a la crisis económica. *Papeles de población*: nº 71. *Universitat de Barcelona/Bamberg University*.
 - Godoy, L. (2007). Fenómenos Migratorios y Género: Identidades Femeninas “Remodeladas”. *Psyche*. Vol. 16 (1), pp. 41-51. Disponible en: <https://scielo.conicyt.cl/pdf/psykhe/v16n1/art04.pdf>. Consultado a 27/4/2021.
 - Grau, J. E. (n.d.). Módulo 7: Entrevistas, encuestas y cuestionarios. *Universidad de CAECE*. Bos Aires. Disponible en: <https://campus.fundec.org.ar/admin/archivos/MET%20+%207%20-%202016%20-%20Entrevistas,%20encuestas%20y%20cuestionarios.pdf>. Consultado a 12/6/2021.
 - Hanke, S. (2018). Hanke's Annual Misery Index: The World's Saddest (And Happiest) Countries. *Forbes*. Disponible en: <https://www.forbes.com/sites/stevehanke/2018/02/28/hankes-annual-miseryindex-the-worlds-saddest-and-happiest-countries/>. Consultado a 27/5/2021.
 - Henderson, K.A. (1994). Broadening an Understanding of Women, *Gender and Leisure*. *J. Leis. Res.*, Vol. 26, pp. 1–7.
 - Henderson, K.A. (2013). *Feminist Leisure Studies. Origins, Accomplishments and Prospects*; *Routledge*. Londres.
 - Herm A. (2008). Recent migration trends: citizens of EU-27 Member States become ever more mobile while EU remains attractive to non-EU citizens. *Eurostat: Statistics in focus*. Disponible en: <https://ec.europa.eu/eurostat/documents/3433488/5583732/KS-SF-08-098-EN.PDF/fd0c3fbe-4119-4da6-9b6c-1039024b4e0b>. Consultado a 26/2/2021.

- Hernández, I. (2012). Investigación cualitativa: una metodología en marche sobre el hecho social. *Rastros Rostros*. Vol. 14 (27) pp. 57-68. Dispoñible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6515553>. Consultado a 13/6/2021.
- Jolly, S. & Reeves, H. (2005). “Género y migración”. *BRIDGE. Institute of Development Studies*. Inglaterra.
- Levy, S. (2018). Venezuela: la imperiosa necesidad de reglas de juego adecuadas. *Documento del Observatorio Económico Legislativo de Cedice*. Caracas.
- López de Lera, D. (2015). Panorama de la migración internacional en España. *España 2015: Situación social. Centro de Investigaciones Sociológicas*. pp.196-206. Madrid.
- Mesa, V. (2020). La trata con fines de explotación sexual: el más reciente peligro para las venezolanas. *Revista venezolana de estudios de la mujer*. Vol. 25 (54). *Universidade de Rafael Urdaneta*. Venezuela. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7574156>. Consultado a 3/6/2021.
- Montañés, P. & Moyano, M. (2006). Violencia de género sobre inmigrantes en España. Un análisis psicosocial. *Pensamiento Psicológico*, Vol. 2 (6), pp. 21-32. *Universidade de Granada*. Disponible en: <https://www.redalyc.org/pdf/801/80100603.pdf>. Consultado a 27/4/2021.
- Mora, C. (2009). Estratificación social y migración intrarregional: Algunas caracterizaciones de la experiencia migratoria en Latinoamérica. *Universum*. Vol. 1 (24), pp. 128 - 143. *Universidade de Talca*. Chile. Disponible en: https://scielo.conicyt.cl/pdf/universum/v24n1/ART_08.pdf. Consultado a 27/2/2021.
- Oso L., Golías, M. & Villares, M. (2007). Inmigrantes extranjeros y retornados en Galicia: la construcción del puente transnacional. *Política y Sociedad*. Vol. 45 (1), pp. 103-117. *Universidade de A Coruña*. Disponible en: <https://core.ac.uk/download/pdf/38818794.pdf>. Consultado a 1/6/2021.
- Oso L. & Villares, M. (2005). Mujeres inmigrantes latinoamericanas y empresariado étnico: Dominicanas en Madrid, argentinas y venezolanas en Galicia. *Revista Galega de Economía*, vol. 14 (1-2), pp. 1-19. *Universidade de A*

- Coruña*. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1293912>. Consultado a 28/5/2021.
- Páez, T. & Mhélán, M. (2019). Emigración venezolana hacia España en tiempos de revolución bolivariana (1998-2017). *Revista Internacional de Estudios Migratorios*. Vol 8, pp. 319-355. *Universidad Central de Venezuela*. Caracas. Disponible en: <http://ojs.ual.es/ojs/index.php/RIEM/article/view/2629>. Consultado a 27/5/2021.
 - Palacios, Y. (2016). Perspectiva de género en los fenómenos migratorios: estudios desde Europa y América Latina. *Revista CES*: Vol. 7 (2). Disponible en: http://www.scielo.org.co/scielo.php?pid=S2145-77192016000200011&script=sci_abstract&tlng=en. Consultado a 14/2/2021.
 - Quintero (2015). Las migraciones internas de latinoamericanos en España: evolución, determinantes e impacto territorial. *Centre d'Estudis Demogràfics (CED)*. *Universitat Autònoma de Barcelona*. Bellaterra, Barcelona.
 - Raymond, J. (2001). Guía para el nuevo Protocolo de Naciones Unidas sobre el Tráfico de Personas. *Coalición contra el Tráfico de Mujeres*. Estados Unidos.
 - Real Academia Española: Diccionario da lingua española, 23ª ed. Disponible en: <https://dle.rae.es>. Consultado a 18/2/2021.
 - Redruello, M. (2016). Aproximación crítica a las ocupaciones de personas refugiadas en España: Proxecto de investigación como contribución a desafíos sociais, pp. 58.
 - Rodríguez (2008). Xénero e migracións. Dentro de Cid et al. (2008). *Migracións na Galicia contemporánea. Desafíos para a sociedade actual*, pp. 193-209.
 - Shurmer-Smith (2002). *Doing Cultural Geography*. *Sage Publications*. Thousand Oaks, Nueva Delhi.


8. Anexos

Anexo I. Distribución por sexos de inmigrantes na U.E. en 2006.



Fonte: Herm (2008) dentro de Eurostat (2008: 5).

Anexo II. Distribución por sexos de inmigrantes na U.E. en 2018.



Fonte: Eurostat (2019: 3).

Anexo III. Número de mulleres que chegaron á Unión Europea dende América Latina.

Persoas que chegaron á Unión Europea por subrexión de orixe de América Latina e o Caribe, segundo o xénero (1998-2012)			
Orixe	Fluxo de inmigrantes totais	Mulleres	Porcentaxe de mulleres respecto ao fluxo total
América Central	219.773	134.581	61 %
Caribe	194.367	330.510	59 %
América do Sur	1.539.241	2.801.635	55 %
Total ALC	308.145	555.023	56%


Fonte: Palacios (2016: 156).

Anexo IV. Distribución da poboación estranxeira en España por sexo e nacionalidade.

	Homes			Mulleres		
	1998	2010	2020	1998	2010	2020
Costa Rica	148	864	1.478	207	1.061	1.939
Cuba	4.434	24.766	29.788	5.920	30.188	34.846
Dominica	167	288	226	407	457	314
El Salvador	273	2.427	9.240	631	3.598	12.338
Guatemala	141	1.695	2.837	311	2.373	4.299
Honduras	272	8.475	35.422	613	18.888	86.541
Nicaragua	211	3.253	16.699	341	8.937	40.831
Panamá	218	1.001	1.223	280	1.330	1.773
R. Dominicana	3.939	38.827	34.385	12.749	52.385	40.876
México	1.590	10.708	11.030	2.482	14.741	17.792
Arxentina	9.205	65.507	43.235	10.110	66.742	45.794
Bolivia	546	90.948	41.488	703	122.221	51.142
Brasil	2.158	44.282	36.210	4.551	73.526	62.445
Chile	2.877	22.050	13.306	3.672	22.520	14.847
Colombia	3.218	130.831	121.782	6.779	161.810	151.268
Ecuador	1.626	197.775	70.892	2.346	201.811	60.027
Paraguai	187	28.269	27.775	407	57.418	59.270
Perú	7.712	69.087	47.288	12.045	71.095	59.424
Uruguai	2.091	23.329	13.798	2.361	23.536	14.368
Venezuela	4.038	25.178	81.165	4.948	35.221	107.945

Fonte: INE. Elaboración propia.

Anexo V. Fluxo de homes inmigrantes procedentes de América Latina cara España segundo rangos de idade en 2019.



Fonte: INE. Elaboración propia.

Anexo VI. Número de estranxeiros orixinarios de América Latina, por provincia e sexo no 2020.

Provincia	Homes	Mulleres
Albacete	2.797	3.633
Alicante	26.308	31.633
Almería	6.589	7.649
Álava	4.129	5.647
Asturias	7.277	11.259
Ávila	1.443	1.867
Badajoz	1.931	3.994
Islas Baleares	26.223	30.426
Barcelona	118.066	156.918
Bizkaia	14.569	23.568
Burgos	3.091	4.590
Cáceres	1.224	2.043
Cádiz	3.950	6.717
Cantabria	5.800	8.689
Castellón	5.203	7.323
Ciudad Real	3.391	4.237
Córdoba	2.204	4.383

Migracións de xénero: De Venezuela a Galicia.

A Coruña	8.845	12.915
Cuenca	1.620	2.428
Gipuzkoa	8.765	14.350
Girona	14.332	20.458
Granada	5.738	8.045
Guadalajara	3.848	4.932
Huelva	1.577	2.567
Huesca	2.019	3.134
Jaén	1.272	2.235
León	2.552	3.967
Lleida	4.238	5.548
Lugo	2.522	3.831
Madrid	163.795	217.929
Málaga	17.994	26.435
Murcia	25.120	29.215
Navarra	9.060	12.065
Ourense	2.309	4.087
Palencia	901	1.411
Las Palmas	16.188	20.084
Pontevedra	6.735	10.626
La Rioja	3.421	4.836
Salamanca	2.343	3.554
Santa Cruz de Tenerife	16.722	21.093
Segovia	1.705	2.524
Sevilla	10.453	16.732
Soria	1.127	1.442
Tarragona	10.866	14.621
Teruel	810	1.130
Toledo	8.700	11.521
Valencia	33.678	45.520
Valladolid	3.133	4.437
Zamora	631	1.001
Zaragoza	12.516	19.159
Ceuta	30	83
Melilla	76	114


Fonte: INE. Elaboración propia.

Anexo VII. Distribución por sexos dos ocupados por sector económico no ano 2020 en España.

Ocupados por sector económico con nacionalidade latinoamericana no 2020 (%)		
Sector Económico	Homes	Mulleres
Agricultura	2,45	0,46
Industria	4,51	1,64
Construción	6,18	0,2
Servicios	21,39	38,11


Fonte: INE. Elaboración propia.

Anexo VIII. Inmigrantes venezolanos en España segundo nacionalidade (1998-2020)



Fonte: IGE. Elaboración propia.

Anexo IX. Número de mulleres venezolanas segundo nacionalidade en España (1998-2020).



Fonte: IGE. Elaboración propia.

Anexo X. Número de inmigrantes venezolanos segundo lugar de procedencia por comunidades autónomas españolas (2019).

Comunidade autónoma	Homes	Mulleres
Albacete	99	145
Alicante	2.054	2.808
Almería	298	465
Álava	304	371
Asturias	816	1.183
Ávila	93	133
Badajoz	104	170
Islas Baleares	1.048	1.369
Barcelona	8.444	11.221
Bizkaia	1.175	1.401
Burgos	215	285
Cáceres	80	94
Cádiz	316	489
Cantabria	488	697
Castellón	446	646
Córdoba	197	309
A Coruña	1.653	2.374


Migracións de xénero: De Venezuela a Galicia.

Cuenca	54	100
Gipuzkoa	370	499
Girona	492	685
Granada	435	626
Guadalajara	341	485
Huelva	144	229
Huesca	165	228
Jaén	87	163
León	258	385
Lleida	231	307
Lugo	301	448
Madrid	18.500	23.691
Málaga	1.642	2.327
Murcia	667	997
Navarra	524	663
Ourense	609	978
Palencia	60	1001
Las Palmas	1.615	2.213
Pontevedra	1.135	1.755
La Rioja	169	250
Salamanca	210	283
Santa Cruz de Tenerife	5.346	7.532
Segovia	124	178
Sevilla	985	1.351
Soria	96	117
Tarragona	630	919
Teruel	49	58
Toledo	754	994
Valencia	3.519	4.661
Valladolid	304	379
Zamora	75	96
Zaragoza	773	1.012
Ceuta	4	12
Melilla	6	12

Fonte. INE. Elaboración propia.

Anexo XI. Distribución de inmigrantes en Galicia por país de procedencia en 1999.


1999



Fonte: IGE. Elaboración propia.


Anexo XII. Distribución de inmigrantes en Galicia por país de procedencia en 2009.

2009




Fonte: IGE. Elaboración propia.

Anexo XIII. Poboación de homes venezolanos en Galicia por grupos de idade (xaneiro de 2021).



Fonte: INE. Elaboración propia.

Anexo XIV. Nivel de estudos das participantes (%).




Fonte: Enquisas e entrevistas a inmigrantes venezolanas. Elaboración propia.

Anexo XV. Poboación nacida en Venezuela por provincias galegas e sexo (2020).

Provincias	Homes	Mulleres
A Coruña	7.489	9.033
Lugo	1.018	1.282
Ourense	3.108	3.830
Pontevedra	5.926	7.077

Fonte: IGE. Elaboración propia.

Anexo XVI. Motivos da inmigración feminina venezolana cara Galicia (%).




■ Económicos ■ Políticos ■ Sociais ■ Familiares ■ Formativos

Fonte: Enquisas e entrevistas a inmigrantes venezolanas. Elaboración propia.

Anexo XVII. Primeiros empregos das participantes en Galicia (%)

- Administración
- Coidadora de persoas
- Comercio
- Educación
- Coidado do fogar
- Hostalería
- Enxeñaría
- Sanidade



Fonte: Enquisas e entrevistas a inmigrantes venezolanas. Elaboración propia.